

TRABALLO FIN DE MESTRADO

ACAMPA 2018, POLA PAZ E O DEREITO AO REFUXIO POR CAMBIO CLIMÁTICO: AVALIANDO UN EVENTO DE SENSIBILIZACIÓN SOCIAL.

ACAMPA 2018, POR LA PAZ Y EL DERECHO A REFUGIO POR CAMBIO CLIMÁTICO: EVALUANDO UN EVENTO DE SENSIBILIZACIÓN SOCIAL.

ACAMPA 2018, FOR PEACE AND RIGHT TO REFUGE DUE TO CLIMATE CHANGE: EVALUATING A SOCIAL AWARENESS EVENT.

Alumna: Lorena Boga García

Titora TFM: Iria Vázquez Silva

Mestrado en Políticas Sociais e Intervención Sociocomunitaria

Setembro 2018

Agradecementos

Primeiramente gustaríame agradecer á OCV que confiase en min para ofrecerme este reto do que sen dúbida aprendín moito, en especial a Lorena Rilo que estivo comigo en cada paso e cada decisión importante. Grazas tamén a miña titora, Iria Vázquez, por permitirme cambiar a miña idea inicial do TFM e así poder enfrontarme a esta aprendizaxe. Grazas a equipa de coordinación de Acampa 2018 pola súa paciencia e apoio a pesar de estar desbordada de traballo, e en especial a Clara López, por tenderme unha man nas horas e deshoras. Grazas a Antía, Araceli, Ara-Sol, Helena, Iria, Lorena, Paola, María, Raúl e Vanessa, por formar comigo a mellor equipa de observación e ter esa dispoñibilidade e implicación en todo momento sendo todas uns mesmos ollos. Grazas tamén a todas as persoas voluntarias que me apoiaron na recolección dos cuestionarios e, por suposto, grazas a todas esas persoas anónimas que investiron o seu tempo en regalarme respostas.

Grazas tamén a miña familia, amizades e compañeiras pola paciencia e o apoio, en especial a Inés que non puido ser mellor apoio e mestra, a Helena que foi a miña *pepito grillo* nos momentos de caos, e, sobre todo, a miña nai, Florida, por ser o meu piar e soporte en todo momento.



Acampa 2018, pola paz e o dereito ao refuxio por cambio climático: avaliando un evento de sensibilización social.

Palabras claves: *avaliación, Acampa, sensibilización, refuxio, refuxiado, cambio climático, Educación para o Desenvolvemento.*

Resumo: Nos últimos anos, a mal denominada “crise dos refuxiados” acapara os medios de comunicación nacionais e internacionais de todo o mundo. Moitas son as noticias que recibimos a diario sobre milleiros de persoas que intentan cruzar o mar Mediterráneo cada día para chegar a Europa en busca dunha vida mellor. Pero é esta información que nos ofrecen os medios de comunicación suficiente e verídica para coñecer o que está a suceder realmente? Segundo Pascual Serrano (2009) a resposta é clara: non. Fronte a esta desinformación nace *Acampa pola paz e o dereito ao refuxio*, unha iniciativa cidadá sen fins de lucro que ten como obxectivo a defensa dos Dereitos Humanos, o Dereito Internacional Humanitario e o Dereito ao Refuxio, a través dunha das dimensións fundamentais da Educación para o Desenvolvemento: a sensibilización. Acampa aposta pola creación dun macroevento de tres días na cidade da Coruña para sensibilizar en prol das persoas refuxiadas. O obxectivo deste traballo é valorar o impacto desta sensibilización social, que se pretende levar a cabo durante o evento, para conseguir mellorar ano a ano e chegar cada vez a un número maior de persoas con información de calidade que conforme unha conciencia crítica e un compromiso coa xustiza social.

Acampa 2018, for peace and right to refuge due to climate change: evaluating a social awareness event.

Key words: *evaluation, Acampa, awareness, refuge, refugee, climate change, Education for Development.*

Abstract: In recent years, the so-called "refugee crisis" monopolizes national and international media around the world. Many are the news we receive daily about thousands of people who try to cross the Mediterranean Sea every day to reach Europe in search of a better life. However is the information provided to the media accurate and sufficient to know what is really happening? According to Pascual Serrano (2009) the answer is clear: no. Faced with this misinformation, *Acampa for peace and right to refuge* is born: a non-profit initiative that aims to defend Human Rights, International Humanitarian Law and the Right to Refuge, through one of the fundamental dimensions of Education for Development: awareness. Acampa is committed to the creation of a three-day macro-event in the city of A Coruña to raise awareness in favor of refugees. The aim of this work is to assess the impact of this social awareness that is intended to be carried out during the event. This evaluation is intended to be able to improve the event year by year and reach a wider audience with quality information that conforms to a critical awareness and commitment with social justice.

Índice

I.	Introdución.....	8
II.	Estado da arte.....	10
	1. Da Educación para o desenvolvemento á Educación para á cidadanía global.....	10
	2. Sensibilización.....	17
	3. Acampa pola paz e o dereito ao refuxio.....	20
III.	Avaliación.....	24
	1. Deseño da avaliación.....	24
	i. Para qué e para quen?.....	24
	ii. Estratexia metodolóxica.....	24
	1. Recollida de datos cuantitativos.....	25
	2. Observación non participante.....	27
	2. Análise de datos.....	30
	i. Análise das actividade xerais.....	31
	1. Perfil das persoas participantes.....	31
	2. Sensibilización.....	35
	a. Para ti que é unha persoa refuxiada por cambio climático?.....	35
	b. Para ti que supón o cambio climático no ser humano?.....	28
	c. Como cres que son as solucións políticas en relación ao refuxio por cambio climático?.....	39
	d. Gustaríache participar nalgunha acción voluntaria con persoas refuxiadas (cal)?.....	41
	e. Cal é a túa impresión sobre a cultura árabe?.....	42
	f. Como cres que é a viaxe das persoas refuxiadas ata chegar a Europa?.....	43
	3. Impacto na transformación do concepto de persoa refuxiada.....	44
	4. Predisposición ao cambio actitudinal/comportamental..	45
	5. Observación xerais.....	48
	a. Parabéns e agradecementos.....	48
	b. Suxestión organización.....	49
	c. Suxestión actividades.....	52
	d. Suxestión temática.....	53
	e. Suxestión cuestionario.....	53
	ii. Análise das actividade infantís.....	54

IV. Conclusións.....	57
V. Referencias bibliográficas.....	61
VI. Anexos	
Anexo I.- Organizacións Rede Acampa 2018	
Anexo II.- Programa Acampa 2018	
Anexo III.- Plano Acampa 2018	
Anexo IV.- Modelos de cuestionarios empregados	
Anexo V.- Actividades analizadas por tipo de cuestionario	
Anexo VI.- Categorías de análise dos cuestionarios	
Anexo VII.- Diana de avaliación infantil	
Anexo VIII.- Ficha de Observación	
Anexo IX.- Equipa para observación non participantes	
Anexo X.- Axenda de observacións programadas e realizadas	
Anexo XI.- Datos en bruto dos cuestionarios	
Anexo XII.- Datos categorizados dos cuestionarios	
Anexo XIII.- Análise de datos dos cuestionarios	
Anexo XIV.- Datos en bruto das observacións non participantes	
Anexo XV.- Datos categorizados e análise de datos das observacións non participantes	

Índice de gráficos

Gráfico 1.- Dimensións da ED.....	16
Gráfico 2.- Asistencia segundo o día do evento.....	31
Gráfico 3.- Xénero cuestionarios.....	32
Gráfico 4.- Sexo maioritario observación por actividade.....	32
Gráfico 5.- Idade cuestionarios.....	32
Gráfico 6.- Idade maioritaria observación por actividade.....	32
Gráfico 7.- Idade dos cuestionarios por tipoloxía de actividade.....	33
Gráfico 8.- Resposta á pregunta “Como coñeciches Acampa?”.....	34
Gráfico 9.- Resposta á pregunta “Como coñeciches Acampa?” por tipo de actividade.....	34
Gráfico 10.- Resposta á pregunta “En que outro tipo de actividades participaches?”..	35
Gráfico 11.- Comparación entre as respostas antes e despois da pregunta “para ti que é unha persoa refuxiada por cambio climático?”.....	36
Gráfico 12.- Respostas comparables da pregunta “para ti que é unha persoa refuxiada por cambio climático?”.....	36
Gráfico 13.- Número de respostas comparables á pregunta “Para ti, que é unha persoa refuxiada por cambio climático?”, antes e despois da actividade.....	37
Gráfico 14.- Comparación entre as respostas antes e despois da pregunta “para ti que supoón o cambio climático no ser humano?”.....	38
Gráfico 15.- Respostas comparables da pregunta “para ti que supoón o cambio climático no ser humano?”.....	38
Gráfico 16.- Número de respostas comparables á pregunta “Para ti que supoón o cambio climático no ser humano?”, antes e despois da actividade.....	39
Gráfico 17.- Comparación entre as respostas antes e despois da pregunta “como cres que son as solucións políticas en relación ao refuxio por cambio climático?”.....	40
Gráfico 18.- Respostas comparables da pregunta “como cres que son as solucións políticas en relación ao refuxio por cambio climático?”.....	40
Gráfico 19.- Número de respostas comparables á pregunta “Como cres que son as solucións políticas en relación ao refuxio por cambio climático?”, antes e despois da actividade.....	41
Gráfico 20.- Comparación entre as respostas antes e despois da pregunta “cal é a túa impresión sobre a cultura árabe?”.....	42
Gráfico 21.- Respostas comparables da pregunta “cal é a túa impresión sobre a cultura árabe?”.....	42

Gráfico 22.- Número de respostas comparables á pregunta “Cal é túa impresión sobre a cultura árabe?”, antes e despois da actividade.....	43
Gráfico 23.- Respostas “A partir desta actividade, gustaríache seguir indagando sobre este tema?”.....	45
Gráfico 24.- Respostas categorizadas dos exemplos de accións elixidas na pregunta “Despois desta actividade, gustaríache facer algo respecto a este tema?”.....	46
Gráfico 25.- Implicación durante o última ano a raíz de Acampa 2017.....	47
Gráfico 26.- Respostas das persoas implicadas a raíz de Acampa 2017.....	47
Gráfico 27.- Respostas das observación no total de cuestionarios.....	48
Gráfico 28.- Respostas das observación contestadas polas persoas participantes.....	48
Gráfico 29.- Tipo de captación nas actividades observadas.....	51
Gráfico 30.- Porcentaxe de actividades que precisaban captación.....	51
Gráfico 31.- Media das puntuacións obtidas na diana de avaliación infantil.....	55
Gráfico 32.- Media das puntuacións obtidas na diana de avaliación infantil por actividade.....	55

Índice de táboas

Táboa 1.- Número e porcentaxe de actividades programadas para o evento Acampa 2018 por tipoloxía de actividades.....	26
Táboa 2.- Número e porcentaxe de actividades nas que se recolleron cuestionarios sobre o total de actividades programadas por tipoloxía de actividade.....	27
Táboa 3.- Número e porcentaxe de actividades que foron observadas sobre o total de actividades programadas por tipoloxía de actividade.....	29
Táboa 4.- Observacións realizadas por persoa observadora.....	29
Táboa 5.- Número e porcentaxe de cuestionarios recollidos sobre o total de persoas asistentes por actividade.....	30
Táboa 6.- Media de impacto na transformación do concepto de persoa refuxiada por actividade.....	44
Táboa 7.- Clasificación das preguntas menos respostadas do cuestionario por número e porcentaxe.....	54

I. Introducción

Nos últimos anos, a mal denominada “crise dos refuxiados” (Sanahuja, 2016) acapara os medios de comunicación nacionais e internacionais de todo o mundo. Moitas son as noticias que recibimos a diario sobre diferentes conflitos bélicos, catástrofes, atentados... e tamén sobre milleiros de persoas que intentan cruzar o mar Mediterráneo cada día para chegar a Europa en busca dunha vida mellor. Pero é esta información que nos ofrecen os medios de comunicación suficiente e verídica para coñecer o que está a suceder realmente? Segundo Pascual Serrano (2009) a resposta é clara: non. As noticias mal ganduxadas que se dan a coñecer na televisión ou na radio non son suficientes para acadar a comprensión nesta temática, e o medios de comunicación de masas pasan a converterse en medios de desinformación.

Unha das estratexias que tenta romper esta dinámica é a Educación para a cidadanía global, un proceso educativo que, a través de coñecementos, actitudes e valores, pretende xerar na cidadanía unha cultura de loita e solidariedade a través do desenvolvemento humano e sostible (Ortega, 2007). Unha das súas dimensións máis importantes é a sensibilización, e é nela onde se enmarca o noso obxecto de estudo: *Acampa pola paz e o dereito ao refuxio*.

Acampa é unha iniciativa cidadá sen fins de lucro que ten como obxectivo a defensa dos Dereitos Humanos, o Dereito Internacional Humanitario e o Dereito ao Refuxio. Unha das súas grandes apostas é a creación dun macro-evento de tres días no que se desenvolven exposicións fotográficas, visitas guiadas, a reconstrución dun campo de persoas refuxiadas, conferencias, debates, obradoiros, actividades artísticas e actividades infantís. Todo un despregue de medios no que participan diferentes entidades coruñesas e a cidadanía en xeral co fin de sensibilizar dando a coñecer a realidade das persoas refuxiadas, a realidade socio-política que se está a atravesar, e denunciar as inxustizas que se están a cometer incumprindo a Declaración Universal de Dereitos Humanos.

Neste ano 2018, Acampa centrouse na temática das persoas refuxiadas por cambio climático, denunciando a súa falta de recoñecemento por parte dos Gobernos e dos diferentes organismos internacionais, así como a situación das persoas refuxiadas por cambio climático ao redor do mundo, a falta de acollementos dignos e a inexistencia de vías seguras para a chegada desta poboación á Europa.

Todo este grandísimo esforzo educativo, pretende impulsar na cidadanía coruñesa a reflexión, a conciencia crítica e a loita e compromiso pola xustiza social, en definitiva,

xerar un cambio de actitudes e vontades na poboación; pero realmente se está a conseguir?

Esta pregunta foi a que se fixo a Oficina de Cooperación e Voluntariado (OCV) da Universidade da Coruña (UDC) en abril de 2018, polo que, tras a súa proposición, nace este Traballo Fin de Mestrado (TFM), que se presenta como unha avaliación do evento de sensibilización social Acampa 2018, máis centrándose e marcándose como obxectivo xeral valorar o impacto das actividades de sensibilización social levadas a cabo durante o evento.

Para levar a cabo esta avaliación deseñouse unha estratexia metodolóxica mixta, con unha parte cuantitativa a través da recollida de información con cuestionarios, e unha parte cualitativa a través da técnica da observación non participante que foi levado a cabo por un grupo de persoas formadas no eido social. Ambas técnicas foron implementadas en diferentes actividades desenvolvidas durante os días 14, 15 e 16 de Xuño de 2018 nos Xardíns de Méndez Núñez, datas e lugar nas que se desenvolveu o evento.

En termos xerais, este TFM estrutúrase nunha parte inicial onde se recollen as bases teóricas da evolución da Educación para a cidadanía global, a dimensión da potencialidade da sensibilización e as bases de *Acampa pola paz e o dereito ao refuxio*; unha segunda parte onde se especifica o deseño da estratexia metodolóxica e como se desenvolveu; un terceiro bloque empírico de análise dos resultados obtidos, e, finalmente, o último apartado onde se recollen a discusión dos resultados e as conclusións dende unha perspectiva global desta avaliación.

II. Estado da arte

1. Da Educación para o desenvolvemento á Educación para a cidadanía global.

Como vimos na introdución a Educación para a cidadanía global é un elemento fundamental na loita para a construción dunha cidadanía crítica e comprometida, con valores e actitudes solidarios e implicados na busca dunha xustiza social enmarcada no respecto dos dereitos humanos, pero esta educación -máis comunmente coñecida como Educación para o Desenvolvemento (ED a partir de agora)- non é un invento desta década, senón que ten un percorrido histórico que fixo que fose mudando a súa concepción ata os nosos días.

1974 foi o ano no que, por primeira vez, un organismo internacional como a UNESCO recoñeceu a importancia da Educación para o Desenvolvemento como medio para “la eliminación de las situaciones que perpetúan y agravan los problemas fundamentales que condicionan la supervivencia y el bienestar de la humanidad -desigualdad, injusticia, relaciones internacionales basadas en el uso de la fuerza- y hacia medidas de cooperación internacional que puedan facilitar su solución” (UNESCO, 1974, p.153), pedindo aos Estados e a diferentes entidades que exercesen esta actividade educativa na cidadanía. Dende ese momento pasaron máis de 40 anos de investigación na ED, de propostas e materiais educativos, de diferentes xeitos de entender a educación e de diferentes xeitos de entender o desenvolvemento ata deconstruílo.

Esta evolución foi estudada por diferentes autores como Juan José Celorio (1995) e as súas tres épocas da ED (a da sensibilización como axuda ao Sur, a da solidariedade e da globalización), ou as catro xeracións de David Korten (1990) (a de axuda humanitaria emerxente, a de desenvolvemento local, a de reformas institucionais e elaboración de políticas, e a das redes globais de organizacións populares). Manuela Mesa (2000), directora do Centro de Educación e Investigación para a Paz (CEIPAZ), tamén nos propón unha clasificación xeracional moi acertada para explicar esta evolución que nos fará entender de xeito claro que é a ED e a súa relevancia na actualidade, e que recollemos a continuación:

- *1º Xeración: Enfoque caritativo-asistencial.* Xurde 1940-1950. Non considera ED propiamente dita pola falta de obxectivos educativos. Era levado a cabo maiormente por organizacións na súa maioría humanitarias e/ou de adscrición relixiosa centrándose en situacións de conflito e de emerxencia, cunha visión a

moi curto prazo, no que se pretende dar resposta inmediata ás carencias materiais mediante a axuda humanitaria e de urxencia, polo que basicamente se impulsaba campañas de recadacións de fondos con imaxes catastrofistas apelando á caridade e á compaixón do Norte cara o Sur (pasivo, inmóbil), sen reflexión sobre as causas das problemáticas.

- *2º Xeración: Enfoque desenvolvista e a aparición da ED.* Xurde nos anos 60 cos novos estados poscoloniais e a crecente orientación das organizacións internacionais cara estes países. Aparece unha mentalidade “desenvolvista”, que consiste na suposición de que “desenvolvemento” é sinónimo de crecemento e modernización eurocéntrica conducente á industrialización e á sociedade de consumo de masas, o que implica que para mellorar as condicións de vida, económicas e políticas dun país precísase que este siga os pasos de occidente, dándolle este último técnicas e coñecementos occidentais “modernos” a sociedades consideradas a priori “ignorantes” e “primitivas”. Esta idea occidentalocéntrica en ningún momento cuestionaba as causas das problemáticas, nin aludía ás responsabilidades do Norte. Con respecto ás ONGs e ao seu traballo no Sur, adoptaron os “proxectos de desenvolvemento” e a participación comunitaria a partir de estratexias de autoaxuda como as ferramentas básicas de intervención, adoptando un enfoque de longo prazo e deixando atrás o asistencialismo, comezando a configurar a ED como tal. A recadación de fondos seguiu sendo un obxectivo importante, pero nestas actividades púxose énfases en dar a coñecer as circunstancias locais do medio no que actuaban as ONG e as comunidades beneficiarias da axuda.
- *3º Xeración: ED crítica e solidaria.* Nace a finais dos 60 pola aceleración do proceso de descolonización e o crecente activismo internacional dos países empobrecidos que comezan a desafiar ao eurocentrismo occidentalocéntrico. Este modelo nacido en América Latina e desenvolvido noutras áreas empobrecidas, alegaba que o subdesenvolvemento non era un simple estadio de atraso, senón un trazo estrutural das economías, as sociedades e os sistemas políticos das sociedades do Sur, nas que o colonialismo e o neocolonialismo seguían tendo unha influencia determinante, mostrando que ese “desenvolvemento moderno” estaba errado xa que conduce a un patrón no que o crecemento económico ía acompañado pola pauperización de amplos sectores da poboación, e por un agravamento da desigualdade Norte-Sur. Deste xeito atopámonos nun novo enfoque da ED menos informativo e de

recadación de fondos, e máis crítico e con máis conciencia sobre a responsabilidade histórica do Norte, amparado por movementos de renovación pedagóxica con metodoloxías innovadoras, marco no que se encadra Paulo Freire. Por outra banda, ampliáronse cuestións na ED como o crecemento demográfico, o incremento da pobreza e a marxinalidade, o control dos océanos... Os problemas da enerxía e o deterioro ambiental adquiriron unha importancia crecente, polo que apareceu o denominado “ecodesenvolvemento” para definir estratexias de desenvolvemento compatibles coa conservación da contorna natural.

- *4º Xeración: ED para o desenvolvemento humano e sostible.* A década dos 80, como nos di Manuela Mesa empregando a expresión da Comisión Económica para América Latina (CEPAL), foi unha “década perdida” e de atraso para os países do Sur en termos de desigualdade, pobreza e retroceso nos principais indicadores socioeconómicos de desenvolvemento –a crise do desenvolvemento–. Ante esta situación, Nacións Unidas propón en 1990, unha nova forma de entender o desenvolvemento –o “desenvolvemento humano” –, que mide os logros deste polo seu efecto real na vida da xente, no canto de utilizar os indicadores económicos convencionais. Deste xeito, comezaron a observarse os problemas sociais como globais e non por compartimentos estancos, polo que a ED integrou a Educación para Paz, a Coeducación, a Educación Multicultural, a Educación Ambiental... Así, a ED foi incorporando elementos doutras educacións que lles son afíns para acercarse a eses problemas complexos dende unha dimensión integral, e tendo moi en conta tamén a súa tradicional análise de interdependencia Norte-Sur, pero esta vez engadindo un novo discurso, no que se sostén que o cambio global depende tanto do Sur como do Norte, cuestionando o modelo de desenvolvemento tanto no Norte como no Sur, que non é social nin ecoloxicamente sustentable.
- *5º Xeración: ED para a cidadanía global.* Xurde a mediados dos 90. Trala crise do desenvolvemento, os países do Sur quedaron endebedados e empobrecidos, pero a crise do Estado de benestar no Occidente industrializado, por unha banda, e o fracaso dos réximes do Leste, por outro, mostran que a crise do desenvolvemento é global e afecta, aínda que de diferente forma, ao conxunto do planeta. Este é o marco de referencia para os enfoques deconstructivistas do posdesenvolvemento, que expuxeron unha crítica radical ao concepto de desenvolvemento, considerado altamente ideoloxizado, culturalmente occidentalizador e eurocéntrico, e económica,

social e ambientalmente inviable. O principal desafío para o este novo desenvolvemento, tanto no Norte como no Sur, é o acelerado proceso de globalización e a privatización da economía mundial, particularmente na orde monetaria e financeira, xa que os Estados nacionais están a perder o control de importantes esferas de actividade pública, como a política monetaria e outros instrumentos esenciais da política económica, o que permite que o mercado poida desestabilizar facilmente a economía real, o emprego, o benestar da poboación e o medio ambiente. Deste xeito preténdese que a ED sexa repensada de maneira planetaria, comprendendo criticamente o fenómeno da globalización e reafirmando o vínculo entre paz, desenvolvemento, xustiza e equidade a nivel local e global. Esta xeración da ED está máis vinculada que nunca ás campañas de incidencia política que impliquen tamén obxectivos realizables a curto prazo, e tamén moi vinculada ao análise crítico dos medio de comunicación de masas, xa que a pesar da revolución tecnolóxica da comunicación, non se produciu unha mellora da información sobre a realidade dos países empobrecidos.

Esta clasificación das cinco xeracións de Manuela Mesa (2000) permítenos ver claramente a evolución da ED, aínda que esta non segue un modelo lineal onde tras unha xeración ven outra inmediatamente, senón que a medida que evoluciona e vai incorporando novas formas de entender e de practicar a ED, en moitos casos, non abandona as anteriores, polo que se trataría dun proceso acumulativo máis que por etapas de compartimentos estancos (Mesa, 2011).

Deste xeito, podemos ver como na actualidade estaríamos enfocados na última xeración da Educación para a cidadanía global, aínda que seguen coexistindo o resto de enfoques como o asistencial nas campañas de recadacións de fondos como o apadriñamento. No caso de *Acampa pola paz e o dereito ao refuxio*, podemos observar como pretende encaixar coas características da última xeración onde se lle dá moita importancia á sensibilización e ás campañas de incidencia política para crear cidadáns de mundo, con base na igualdade de dereitos, o respecto, a tolerancia e a apreciación da diversidade, respectando o medio ambiente e todos aqueles valores relacionados coa responsabilidade global (Mesa, 2014).

Mais como poderíamos definir entón a ED na actualidade? Non existe unha definición única, comunmente aceptada, nin tampouco unha definición sostida no tempo. Podemos atoparnos con definicións moi amplas, e outras máis reducionistas dependendo

do contexto e dende a posición do concepto de desenvolvemento que fose escrita (Martínez et al., 2012).

Unha boa estratexia para achegarse a unha aproximación teórica do que é a ED, é posiblemente recoller diferentes definicións que propuxeron autores ou entidades que influíron na evolución da ED ata a actualidade.

A primeira das definicións desa ED de última xeración que vamos a recoller data de 1995, onde Pedro Sáez xa a analiza con senso crítico e comeza a cuestionarse que se entende realmente por educación e por desenvolvemento, dándonos a seguinte definición:

“Se entiende como un proceso de comprensión, análises y valoración críticas a cerca de las interdependencias Norte-Sur, realidades que manifiestan la tensión entre el modelo de civilización en el que vivimos –progresivamente inviable tanto para el Norte, su principal beneficiario, como para el Sur, su víctima más directa–, su tratamiento alternativo e integrador”. (Sáez, 1995 citado en Martínez et al., 2012, p.41).

Neste sentido, Manuela Mesa, fálanos da singularidade da ED no *Informe á Dirección Xeral de Cooperación e voluntariado da Comunidade de Madrid* do 2001:

“Un proceso educativo constante, que favorece la comprensión sobre las interrelaciones económicas, políticas, sociales y culturales entre el Norte y el Sur, promueve valores y actitudes relacionadas con la solidaridad, la justicia social y busca vías de acción para alcanzar un desarrollo humano sostenible” (Mesa, 2001 citada en Martínez et al., 2012, p.42).

A Coordinadora de ONG para o Desenvolvemento-España, entidade fundamental na promoción da ED no noso país, tamén nos ofrece unha definición da mesma no seu Código de Conduta, que coincide exactamente coa definición que se recolle no Código de Conduta da Coordinadora Galega de ONGDs:

“é un proceso activo e creativo que promove un cambio de actitudes e comportamentos na sociedade, fomentando os valores de xustiza e solidariedade” co fin de “manter a opinión pública informada da realidade da pobreza no mundo e das causas e estruturas que a perpetúan e facilitar unha mellor comprensión da interdependencia entre países, das causas da desigualdade e das súas posibles solucións; fomentar na opinión pública un ambiente de comprensión e de respecto cara ós costumes e formas de vida doutras culturas; promover valores e actitudes tendentes a un cambio social baseado en criterios de xustiza, paz, equidade, igualdade de dereitos e oportunidades entre mulleres e homes, democracia, participación, solidariedade e coidado do medio ambiente; e estimular un compromiso cos países empobrecidos”. (Coordinadora Galega de ONGDs, 2001, pp.15-16; Coordinadora de ONGDs-España, 2008, p.15)

Por último, tamén atopamos a definición que M^a Luz Ortega –referente ineludible na ED– nos facilita na *Estratexia para o Desenvolvemento da Cooperación Española* (2007), onde fai constar na mesma a diversidade de ámbitos que pode abarcar a ED:

"Proceso educativo (formal, no formal e informal) constante encaminado, a través de conocimientos, actitudes y valores, a promover una ciudadanía global generadora de una cultura de la solidaridad comprometida en la lucha contra la pobreza y la exclusión así como con la promoción del desarrollo humano y sostenible". (Ortega Capió, 2007, p.19).

Esta autora tamén recolle no texto da estratexia, que a ED para ser entendida como tal debe contar con tres dimensións fundamentais nas que desenvolverse para xerar aprendizaxe:

- Unha *dimensión cognitiva*: xa que pretende transmitir os coñecementos de especial relevancia para comprender as interrelacións económicas, políticas, sociais e culturais froito do proceso de globalización que nos permita unha análise profunda das relacións Norte-Sur e as súas consecuencias (xustiza social e equidade, globalización e interdependencia, desenvolvemento, diversidade, paz e conflito, axuda ao desenvolvemento, e cidadanía global).
- Unha *dimensión procedimental*: pretende fomentar o desenvolvemento de habilidades (pensamento crítico, empatía, argumentación efectiva, cooperación e resolución de conflitos, descodificación de imaxes e mensaxes...), sendo activa e participativa, analizando todo dende unha perspectiva global, e desenvolvendo unha actitude crítica.
- Unha *dimensión actitudinal*: intentando promover valores e actitudes relacionados coa solidariedade, a xustiza social e os dereitos humanos, esenciais para entender os novos procesos económicos, sociais, culturais e políticos que rexen o planeta e enfrontarse a eles. Algúns destes valores son: a empatía, a identidade e a autoestima, o valorar ao próximo e o respecto á diversidade, o compromiso coa xustiza social e a non discriminación, a igualdade de xénero, a preocupación polo medio ambiente e o compromiso cun desenvolvemento sustentable; todo iso, mediante un proceso autorregulador e de formación-reflexión-acción.

En definitiva, o que se pretende a través da ED é unha educación integral, enmarcada nun plantexamento educativo non tradicional, intentando relacionar o local co global e resaltando a interdependencia de ambas dimensións tanto no seu pasado, presente como futuro para transmitir así os coñecementos das problemáticas existentes nas diferentes sociedades de maneira transversal, máis tamén as causas desas problemáticas incidindo nas relacións Norte-Sur e fomentando unha actitude crítica que promova o compromiso na acción participativa. É unha educación en valores, tendo como referencia fundamental a Declaración Universal de Dereitos Humanos,

que se desenvolve a medio e longo prazo a través da transmisión de coñecementos cognitivos, procedimentais e actitudinais (Martínez et al., 2012).

Deste xeito, a ED pretende formar unha cidadanía global a través dunha metodoloxía holística que permite interconectar os saberes do individuo, das comunidades e do mundo a través de catro dimensións independentes pero interrelacionadas entre si, que poden ser levadas a cabo tanto por entidades, institucións ou actores públicos como privados e que son fundamentais para a transformación social (Ortega, 2007). Estas dimensións son as recollidas na seguinte gráfica:

Gráfico 1.- Dimensións da ED



Fonte: Elaboración propia a partir de Ortega (2007).

A primeira a que faremos referencia é a “Sensibilización”. Segundo Ortega (2007), a sensibilización é unha acción a curto prazo, que alerta sobre as causas da pobreza e as estruturas que a perpetúan. Ao ser unha acción máis puntual, non permite profundar nas causas das inxustizas nin nas propostas, pero constitúe o primeiro paso para a concienciación, pois rompe o círculo vicioso *ignorancia-indiferenza-ignorancia*. A sensibilización é importante, aínda que non chegue ao mesmo nivel de profundidade que outras dimensións da ED, porque permite espertar consciencias críticas e prácticas solidarias en persoas ou grupos que doutro xeito nunca chegarían a ser coñecedoras desa realidade.

A segunda das dimensións a abordar é a de “Educación-Formación sobre o Desenvolvemento”, pois trátase dun proceso educativo que pretende formar en contidos, habilidades e valores a medio e longo prazo, cun público obxectivo claro cara ao que se orientan as metodoloxías educativas. O feito de que sexa a medio e longo prazo permite profundar na análise das causas da pobreza e nas propostas de cambio, completando así o ciclo *formación-reflexión-acción*, pois permite as persoas

destinatarias coñecer, reflexionar sobre o aprendido e saber como actuar en consecuencia.

A terceira das dimensións é a “Investigación para o desenvolvemento”, que como ben indica o seu nome, o seu obxectivo é analizar en profundidade a problemática do desenvolvemento e fundamentar as distintas propostas para promover o desenvolvemento humano a través da investigación social interdisciplinar (sobre todo a investigación- acción), facendo que todo o resto de dimensións precisen desta mesma para basear os seus contidos e metodoloxías.

Por última, a cuarta das dimensións é a denominada “Incidencia política e mobilización social” e, como ben nos explica Ortega (2007), pretende influír nas decisións políticas que poidan afectar as estruturas sociais, económicas e/ou políticas en ámbitos que van desde o local ata o global mediante propostas alternativas orientadas á consecución do desenvolvemento humano e sostible. O deseño destas propostas require necesariamente dun traballo previo de investigación que as fundamente e do traballo coordinado coa poboación do Sur.

Deste xeito podemos concluír que a ED ten múltiples definicións, perspectivas e metodoloxías que foron xurdindo ao longo de anos de estudos e traballo co fin de xerar reflexión e pensamento crítico a través dunha pedagogía que combina os procesos cognitivos, procedimentais e actitudinais de xeito que promovan un mundo máis xusto e equitativo. No caso que nos compete nesta avaliación, *Acampa pola paz e o dereito ao refuxio* estaría enmarcada na educación non formal da quinta xeración da ED, denominada Educación para a cidadanía global, orientada dende a dimensión de sensibilización na que afondaremos no seguinte punto.

2. Sensibilización

Como se recolleu no punto anterior, unha das catro dimensións fundamentais para favorecer a aprendizaxe que se conforma na ED é a sensibilización, dimensión na que se enmarca o evento de *Acampa pola paz e o dereito ao refuxio*, e que neste apartado entenderemos o por qué, e cales son os pasos a seguir para facer unha boa sensibilización social.

Tiñamos definido con palabras de Ortega (2007) que a sensibilización é unha acción a curto prazo, que alerta sobre as causas da pobreza e as estruturas que a perpetúan, mais a sensibilización é moito máis que iso. Toda sensibilización ten como obxectivo lograr un cambio de actitudes (entendidas como a predisposición dunha persoa para

acción) e de valores que transformen o mundo no que vivimos a partir da comprensión dun determinado fenómeno ou problema e as súas causas (parte analítica), e da súa identificación afectiva co mesmo (parte vivencial). Para isto empréganse instrumentos de investigación, análise e de difusión da información sobre a realidade, con actividades que promovan e potencien a participación consciente das persoas na definición dos problemas e as solucións, xerando experiencias colectivas que contribúan a ese cambio (que moitas veces pode xerar nun primeiro momento rexeitamento ou inhibición) (Serrano, 2002).

Neste sentido, Maite Serrano (2002) esclárécenos que as campañas de sensibilización son unha ferramenta estratéxica da ED xa que facilita a articulación das actividades de investigación e análise con actividades de difusión da información, reflexión, e actividades de elaboración e difusión de propostas; xerando unha dinámica onde se poida dar opinión crítica e acción nun mesmo momento, mediante a creación de canles efectivos de participación. A autora tamén identifica dous tipos fundamentais de campañas:

- Campañas puntuais: aquelas que poñen en común unhas serie de actividades ou recursos nun momento concreto ou para un fin delimitado (as campañas de recadación de fondos ou captación de fondos non son consideradas campañas de sensibilización).
- Campañas de sensibilización propiamente ditas: aquelas que teñen como obxectivo dar a coñecer e mobilizar á opinión pública –ou parte da mesma– sobre un problema concreto nun período de tempo dado, e empregando todo os recursos dispoñibles (tempo máis amplo e obxectivos máis complexos que o tipo anterior).

E tamén reconece dous tipos máis segundo o enfoque subxacente da campaña:

- Campañas cuxo obxectivo é informar (dar a coñecer un determinado problema e as súas causas para cambiar actitudes da opinión pública).
- Campañas que engaden á información, propostas políticas (políticas institucional e/ou acción socio-política) que implican a mobilización e participación social.

En relación a estas categorizacións, podemos ver que Acampa pretende realizar unha campaña de sensibilización propiamente dita, aínda que nestes momentos trátase

dunha campaña puntual anual, pois dende o evento do 2017 ata a actualidade só realiza estes eventos; e que pretende ter un enfoque non só de informar, senón tamén de incidencia política, pois como veremos no seguinte apartado, neste ano 2018 queren xerar movemento e participación cidadá para conseguir o recoñecemento da figura de refuxiado por cambio climático.

Actualmente, a maioría de campañas –xeralmente impulsadas dende alianzas entre ONGs e/ou outros movementos e plataformas sociais– son encaixadas polas entidades impulsoras como pertencentes a este último tipo, mais cando observamos os seus obxectivos reais vemos que se quedan ancoradas na mera información, polo que a autora sinala que é indispensable repensar as accións para que se adapten correctamente ao fin último que queremos acadar definindo un tempo, unha estratexia, unhas actividades, uns espazos e un público axeitados. Desta estrutura que corresponde respectar, a autora indícanos que se debe:

- Delimitar o máximo posible o grupo obxectivo prioritario para enfocar as accións, o resto de grupos pódense incluír pero como grupos secundarios.
- Ter en conta que tipo actividades se queren levar a cabo –investigación e/ou documentación; información, formación e debate; incidencia política– e que recursos ou medios se precisan –actividades lúdico-culturais, seminarios, investigacións, cursos, xornadas...– así como os materiais precisos para levalos a cabo.
- Elaborar os materiais propios da campaña: documento base, argumentario, boletín da campaña, material de difusión...
- Decidir se a campaña se realiza en solitario ou en colaboración con organizacións (cuxo caso o máis óptimo é crear un grupo motor que execute a campaña e o resto de organizacións de adhiran e a apoien).
- Obter financiamento (público, con fondos propios, con fondos privados de empresas, con fondos privados de particulares, ou unha mestura –financiamento mixto–).
- Planificar a campaña paso a paso.

Con respecto a este último punto, a autora refírenos que planificar é un elemento de vital importancia para o éxito dunha campaña de sensibilización, e supón a definición

de etapas –con certa flexibilidade xa que pode ser que sexa necesario mudalas nalgún momento– que debe atravesar todo proxecto deste tipo. Estas etapas son:

- 1) Elección do tema (no caso de Acampa 2018, o dereito ao refuxio por cambio climático).
- 2) Diagnose: coñecer a problemática en profundidade, analizar a súa orixe, evolución histórica, as correntes de pensamento, as iniciativas ou accións con respecto a tema a nivel local, estatal e internacional, para buscar posibles aliados pero tamén obstáculos da campaña.
- 3) Formulación: definición da campaña incluíndo como mínimo un resumo das accións, xustificación, obxectivo xeral, obxectivos específicos, plan de actividades, plan de avaliación, presuposto e cronograma.
- 4) Execución: posta en marcha das accións deseñadas organizando e administrando o traballo, e facendo un control e seguimento das accións en todo momento.
- 5) Avaliación: analizar os resultados, destacando os aspectos positivos pero tamén os problemas e as formas de resolvelos. Débese facer antes, durante e despois da campaña. No caso de Acampa, no ano 2017 este paso non foi levado a cabo, mais neste ano 2018 preténdese facer unha avaliación final centrada no impacto das actividades de sensibilización levadas a cabo.

Deste xeito, é como se elabora unha campaña de sensibilización social que fomente un cambio de actitudes e valores propios dun alicerce fundamental da Educación para a cidadanía global que permite a cidadanía estar informada, tomar conciencia crítica da situación, das dinámicas sociais, económicas e/ou políticas que explican por qué determinados dereitos –como neste caso os dereitos humanos e o dereito ao refuxio – non se materializan para algunhas persoas e por qué se incrementan a desigualdade e a exclusión (Mesa, 2014).

3. Acampa pola paz e o dereito ao refuxio

Como se fixo referencia na introdución, nos últimos anos as persoas refuxiadas ou solicitantes de asilo apareceron masivamente nos medios de comunicación de masas de todo o mundo, mais principalmente en Europa. Isto débese en gran parte á falta de solucións para facer fronte ás violacións de dereitos humanos que se viven nas fronteiras europeas, pois a pesar da gran retórica das institucións da Unión Europea

(UE) de solidariedade e valores europeos, a realidade é que se implementaron políticas restritivas en materia de asilo, inmigración, acollemento e vías seguras, que demostran o fracaso da vontade política que segue na súa liña de frear a entrada de persoas nas fronteiras da UE (Villaverde, 2017). Esta xestión no marco da UE pon de manifesto a “crise de gobernanza europea” que afecta a todos os niveis institucional, política, de valores, de identidade e de principios (Timmermans citado en Sanahuja, 2016). E é neste contexto onde nace *Acampa pola paz e o dereito ao refuxio*¹.

Acampa é unha iniciativa cidadá sen fins de lucro integrada por colectivos sociais, culturais, educativos, veciñais, políticos, sindicais, artísticos, de persoas solidarias, de institucións e empresas con responsabilidade social, impulsada nun primeiro momento pola plataforma *Coruña Contra a Guerra*, co obxectivo de defender os Dereitos Humanos, o Dereito Internacional Humanitario e o Dereito a Refuxio (Acampa, 2017).

Acampa nace no 2016 para traballar na unidade de acción de organizacións e cidadanía fronte ao desamparo en que os Estados actuais deixan as persoas migrantes solicitantes de refuxio, que escapan das consecuencias das políticas agresivas e inhumanas de grandes corporacións (Acampa, 2018). Para elo, crea por un lado a “Rede Acampa” (Anexo I), unha rede composta por 59 entidades que une o tecido asociativo da Coruña e tamén a maioría de ONGs que traballan *in situ* coas persoas refuxiadas en todo o mundo (Acampa, 6 de xuño 2018), co fin de elaborar un mapeo das entidades que traballan neste eido, visibilizar o seu traballo, fortalecer e crear unión entre elas para ter unha maior voz á hora de reivindicar a situación existente, e intentar solucionar necesidades non cubertas de maneira coordinada; e por outra banda, crea unha campaña de sensibilización que actualmente se concentra no evento anual *Acampa pola paz e o dereito ao refuxio*.

Este evento, que tivo a súa primeira edición en 2017, abre un espazo de encontro de tres días no que se pretende afondar nas causas dos acontecementos e contrastar a información coa que somos bombardeados constantemente polos medios de comunicación. Para elo, tráense exposicións fotográficas nacionais e internacionais e faise unha reconstrución dun campo de persoas refuxiadas (coas súas respectivas visitas guiadas) para poder escenificar o drama que viven millóns de persoas refuxiadas en todo o mundo e, asemade, denunciar a inacción dos estados e os organismos internacionais. Alén diso, tamén se elaboran conferencias e mesas de debate con responsables de colectivos que se enfrontan a diario con esta realidade,

¹ <https://www.acampa.eu/>

aos que salvan vidas tanto no Mediterráneo como nas fronteiras, e tamén a políticos intentando que de alí sala un compromiso forte de loita.

Por último, tamén se elaboran numerosos obradoiros para diferentes idades levados a cabo por diversas entidades da Rede Acampa, que serven como método de captación (alén da propia campaña de difusión que se fai a través do medios e das redes sociais), e tamén de sensibilización por medio de actividades lúdicas e interactivas.

Neste ano 2018 quixo chamar a atención sobre un tema moi grave e urxente e, non entanto, aínda non recoñecido por ningún Goberno: o dereito a refuxio por cambio climático. Informes de Nacións Unidas vaticinan que durante as próximas tres décadas as migracións por este motivo afectarán de 250 a 1.000 millóns de persoas. O 90% deses movementos migratorios ocorrerá nos países menos desenvolvidos e dará lugar a novas e cada vez máis numerosas situacións de urxencia humanitaria (Acampa, 6 de xuño 2018).

Acampa pretende que estas persoas sexan recoñecidas como tal, pois na Convención de Xenebra sobre os Estatutos dos Refuxiados non se lles recoñece o estatus de persoa refuxiada; e tamén pretenden sensibilizar sobre a responsabilidade do feroz capitalismo neoliberal, das multinacionais e dos gobernos do Norte nas consecuencias do cambio climático e as catástrofes ambientais no países do Sur xeopolítico, así como a capacidade da cidadanía para mudar as cousas. Para isto, elaboraron unha programación repleta de actividades (un total de 56) como as que describimos nos parágrafos anteriores e se pode encontrar no Anexo II, e que se levaron a cabo durante os días 14, 15 e 16 de xuño de 2018 nos Xardíns de Méndez Núñez (Anexo III). Estas actividades son nas que nos centraremos para avaliar o impacto sensibilizador do evento.

Por último, resaltar que Acampa ten como liña de futuro para o 2019 centrarse nas mulleres en situación de refuxio, e tamén ten como meta recorrer as principais capitais europeas, así como replicar Acampa 2019 simultaneamente en Brasil a través do profesor Marcos Sorrentino da Universidade de São Paulo (co apoio dos países de fala portuguesa), e acampar no centro de todas estas cidades para denunciar a inacción e perversión dos gobernos e organismos internacionais (Abad, 2018; Anónimo, 19 de xuño 2018).

III. Avaliación

1. Deseño da avaliación

i. Para qué e para quen?

Tal e como nos di Maite Serrano (2002, p.506), “formalmente, cada vez son mas las campañas [de sensibilización] que incorporan dentro de su programación una evaluación pero sigue siendo una asignatura pendiente y compleja. El carácter intangible de los objetivos perseguidos (...) y la falta de precisión en la definición de los indicadores que midan la consecución de los objetivos dificultan aún más la tarea”, e este é o caso de *Acampa pola paz e o dereito ao refuxio*.

No ano 2017, ano da primeira edición, en ningún momento se elaborou unha avaliación formal nin un pequeno informe que recollese os principais resultados da gran campaña sensibilización que conseguiron sacar adiante. Todo esforzo invertido quedou diluído nun limbo no que non se sabía realmente si se conseguiran acadar os obxectivos, ou en qué aspectos se debía mellorar para o seguinte ano.

Foi nese intre cando a Oficina de Cooperación e Voluntariado (OCV) da Universidade da Coruña (UDC), entidade coa que colaboro dende 2014 (primeiro como bolsreira, e logo como voluntaria no seu proxecto de voluntariado de *Sensibilización en Educación para o Desenvolvemento*), se interesou por levar a cabo esta avaliación e me propuxo a mediados de abril deste ano elixir este tema como o meu Traballo de fin de Mestrado (TFM). A miña colaboración como voluntaria en Acampa 2017, e que dende sempre me interesaron este tipo de campañas, levoume a desbotar o miña temática de traballo inicial e aceptei a proposta a pesar de ser consciente da dificultade do reto.

Dada a proximidade temporal do evento, decidiuse conxuntamente coa OCV que era inviable avaliar todos os aspectos do mesmo, polo que era máis factible e tamén máis interesante centrar este TFM en valorar o impacto das actividades de sensibilización social levadas a cabo durante o evento.

ii. Estratexia metodolóxica

Como xa se fixo referencia na introdución, a estratexia metodolóxica que se aplica neste traballo é mixta pois inclúe por unha banda a metodoloxía cuantitativa –xa que “concibe el objeto de estudio como externo en un intento de lograr la máxima objetividad (...) y una concepción global positivista, particularista, objetiva y orientada a los resultados (Abalde e Muñoz, 1992, pp.94-95) –, e por outra a metodoloxía

cuantitativa –dado que nos “facilita una recogida de datos empíricos que ofrecen descripciones complejas de acontecimientos, interacciones, comportamientos, pensamientos... que conducen al desarrollo o aplicaciones de categorías y relaciones que permiten la interpretación de los datos” (Quecedo e Castaño, 2003, p.12)–; mestura fundamental para poder valorar algo tan complexo como un cambio de opinións e/ou actitudes nun individuo.

1. Recollida de datos cuantitativos

A técnica de investigación empregada para levar a cabo a parte cuantitativa da metodoloxía foi a recollida de datos a través do cuestionario, o cal pode definirse como unha forma de consulta caracterizada pola ausencia do enquisador, xa que, para recoller a información que se precisa, non é necesaria unha maior interacción co suxeito de estudo. Ademais, está composto por unha serie de preguntas establecidas de antemán que se formulan sempre na mesma orde e nos mesmos termos (Rodríguez, Gil e García, 1996). Grasso (2006) considera que este instrumento:

“es un procedimiento que permite explorar cuestiones que llaman a la subjetividad y al mismo tiempo obtienen esa información de un número considerable de personas. Así, por ejemplo: permite explorar la opinión pública y los valores vigentes de una sociedad, temas de significación científica y de importancia en las sociedades democráticas”.

O cuestionario que se empregou para este estudo ten como obxectivo xeral valorar o impacto das actividades de sensibilización social levadas a cabo durante o evento Acampa 2018, marcando como obxectivos específicos os seguintes:

- Elaborar un perfil das persoas participantes en Acampa 2018.
- Determinar se a actividade de sensibilización conseguiu ampliar a información que a persoa participante xa tiña con respecto ao tema a abordar.
- Determinar se a actividade de sensibilización conseguiu que a persoa participante teña predisposición cara un cambio de actitude e/ou comportamento.
- Medir o impacto na transformación do concepto de persoa refuxiadas que tiñan as persoas participantes.
- Recoller e propoñer das persoas participantes sobre o evento Acampa 2018.

Para recadar toda esta información o deseño do cuestionario estivo inspirado nas enquisas deliberativas de James Fishkin, as cales están deseñadas especificamente para explorar a reflexión producida por uns suxeitos, expoñéndolles un conxunto de información relativa a un tema, para posteriormente coa posible modificación de posicionamentos xurdidos a partir das actividades, recoller de novo as súas opinións

(Frishkin, 1991 citado en Francés et al., 2015). Deste xeito conséguese medir o impacto transformador do compoñente deliberativo sobre as opinións dos suxeitos a través da comparación entre os resultados obtidos na enquisa previa e a enquisa posterior ao proceso deliberativo permitindo valorar o impacto que a maior información e a posibilidade de reflexionar teñen sobre a conformación das opinións e actitudes dos suxeitos ante o tema tratado (Francés et al., 2015).

Así o modelo de cuestionario (Anexo IV) que se construíu contaba con unha primeira parte no anverso dunha folla DIN A5 onde se sinalaba a actividade á que pertencía, unha breve explicación da finalidade do mesmo, catro preguntas pechadas de elección múltiple para determinar o perfil da persoa participante (xénero, idade, xeito no que coñeceu Acampa, e se participou en algunha actividade do evento), e unha pregunta totalmente aberta que sería a pregunta que se repetiría na parte dúas do cuestionario para determinar o posible cambio nos suxeitos. Debido á diversidade de actividades e temáticas que se abordaron no evento decidiuse que, en lugar de facer unha pregunta única para todas as actividades, se deseñasen seis preguntas, empregando unha delas en función da temática da actividade². Estas preguntas son:

- Para ti que é unha persoa refuxiada por cambio climático?
- Para ti que supón o cambio climático no ser humano?
- Como cres que son as solucións políticas en relación ao refuxio por cambio climático?
- Gustaríache participar nalgunha acción voluntaria con persoas refuxiadas (cal)?
- Cal é a túa impresión sobre a cultura árabe?
- Como cres que é a viaxe das persoas refuxiadas ata chegar a Europa?

Esta primeira parte debía cubrirse antes do comezo da actividade e, ao rematar a mesma, no reverso deste DIN A5, atopábase a segunda parte que debían cubrir antes de marchar. Nesta segunda parte atopábanse seis preguntas onde unha delas, obviamente, era a repetición da pregunta do anverso para ver si existiu un cambio na persoa participante; outra era unha escala Likert do 0 ao 9 que comprende os valores entre “nada” e “moito” para determinar o impacto da actividade na súa transformación do concepto de persoa refuxiada; de seguido, un bloque de tres preguntas para determinar se existe unha predisposición ao cambio de actitude e/ou comportamento; e unha última de observacións (Anexo IV).

² No Anexo V recóllense en que actividades se programou aplicar os cuestionarios, a tipoloxía de cuestionario empregado segundo a pregunta central e o por qué desa decisión.

Como se pode observar, moitas das preguntas que se decidiron poñer no cuestionario son de carácter aberto, co fin de recoller con maior profundidade e de xeito máis personalizado as diferentes respostas, polo que á hora de realizar a análise, elaboráronse unha serie de categorías individuais para cada pregunta aberta que se atopan no Anexo VI.

Ao non haber estimacións do número de persoas asistentes no ano anterior, nin tampouco unha previsión real das persoas que poderían acudir ao evento, decidiuse que se intentaría recoller o maior número de cuestionarios posibles por actividade para intentar obter a maior representatividade posible, programando avaliar deste xeito a 34 das 56 actividades que se desenvolveron durante os tres días do evento.

Táboa 1.- Número e porcentaxe de actividades programadas para o evento Acampa 2018 por tipoloxía de actividades

TIPO DE ACTIVIDADE	N.º Actividades	% do Total de Actividades
Conferencias e/ou debates	15	26,79 %
Ocio	10	17,86 %
Simulación campo de persoas refuxiadas	4	7,14 %
Visitas guiadas	5	8,93 %
Curtas	3	5,36 %
Actividades interactivas	12	21,43 %
Actividades infantís	7	12,50 %
Total:	56	100%

Fonte: Elaboración propia.

A elección destas 34 actividades para a administración dos cuestionarios non foi algo casual. Decidiuse descartar todas as actividades de ocio por non ter ningún contido sensibilizador (concertos, sesión vermut...), e tamén as conferencias inaugurais de cada día polo mesmo motivo. Descartáronse a exposición fotográfica “Cartografía do esquecemento” e as actividades interactivas “Mar de fíos”, “Primeiros auxilios” e “Símbolo da paz” por falta de relación co obxectivo do noso traballo.

Táboa 2.- Número e porcentaxe de actividades nas que se recolleron cuestionarios sobre o total de actividades programadas por tipoloxía de actividade

TIPO DE ACTIVIDADE	N.º Actividades Programadas	N.º Actividades Cuestionarios	% Cuestionarios / Programadas
Conferencias e/ou debates	15	10	66,67%
Ocio	10	0	0,00%
Simulación campo de persoas refuxiadas	4	4	100,00%
Visitas guiadas	5	3	60,00%
Curtas	3	2	66,67%
Actividades interactivas	12	7	58,33%
Actividades infantís	7	6	85,71%
Canceladas	-	3	-
Total	56	34	60,71%

Fonte: Elaboración propia.

A administración dos cuestionarios foi a través dunha equipa de voluntarios e voluntarias (na súa maioría vinculados a Oficina de Cooperación e Voluntariado), aos que se lle deu formación previa para correcta difusión dos mesmos, e, en todos os casos foron pasados ás persoas participantes desas 31 actividades do evento en formato papel (na súa maioría reciclado, mais por problemas técnicos un 25% dos mesmos foi entregado en papel non reciclado). O 80% estaban escritos en galego e un 20% en castelán. Ofrecéuselles ao 100% das persoas participantes destas actividades responder o cuestionario de xeito voluntario e decidiuse que serían de carácter anónimo polo irrelevante dos nomes para a elaboración desta avaliación, e polo risco de que esa variable interferira nas respostas dos suxeitos dadas as cuestións de carácter persoal e político que nel se trataban.

Como cinco das 34 actividades nas que se recolleron os cuestionarios eran de carácter infantil, decidiuse empregar un cuestionario diferente para á infancia, avaliar a través dunha diana que nos permitiría recoller a opinión sobre a actividade dun xeito sinxelo, facilmente entendible e moi visual (Anexo VII), co obxectivo de coñecer cales foron as sensacións das crianzas á hora de realizalas.

2. Observación non participante

Tal e como se explica na introdución da estratexia metodolóxica, tamén se aplicou a estratexia cualitativa para ampliar a visión dos cuestionarios que nos permitise recoller datos máis complexos para interpretar mellor os resultados. Para elo decidiuse empregar a técnica da observación non participante, a cal consiste na recollida de información por parte dunha persoa ou equipa avaliadora a través do rexistro de

acontecementos e impresións de acordo con patróns explícitos de comportamentos e accións sociais previamente especificados (Perea Arias, 2003). Neste caso, para este rexistro decidiuse elaborar un caderno de notas dividido en seis seccións amplas e sinxelas (Anexo VIII):

- Datos xerais: neste apartado recóllense os principais datos da actividade (nome, data, hora, lugar, persoa observadora) e os datos máis facilmente observables (nº de monitores/poñentes, nº de asistentes, rango de idade, nº de persoas que abandonan, sexo maioritario).
- Descrición: recóllese o obxectivo xeral da actividade así como un breve resumo do que vai consistir.
- Interacción do/a monitor/a ou poñente coas persoas participantes: recolle o comportamento da persoa que rexe a actividade, se fai preguntas ás persoas participantes, dinámicas participativas, se é tipo conferencia, etc.
- Preguntas das persoas participantes por sexo e tempo de palabra: recóllese a tipoloxía de preguntas e tamén se existe algún tipo de monopolio da palabra, ou simplemente quen a emprega máis.
- Interacción entre as persoas participantes: preténdese reunir todos os comentarios entre as persoas participantes en relación ao tema a tratar, para ver opinións ou suxestións.
- Notas: todo aquilo que a persoa observadora considere relevante. Captación, ruídos molestos, aglomeracións, etc.

Con todo isto o que se pretende é, ao igual que na técnica anterior, valorar o impacto das actividades de sensibilización social levadas a cabo durante o evento Acampa 2018, máis especificamente:

- Facer un relato de persoas asistentes, así como un perfil do grupo en cuestión.
- Facer un relato das persoas que abandonan.
- Recoller as diferentes interaccións para avaliar o desenvolvemento da actividade.
- Observar acontecementos xerais que poden afectar á actividade tanto de xeito positivo como negativo.

Decidiuse levar a cabo esta técnica en 38 actividades, utilizando unha estratexia similar a dos cuestionarios. Decidiuse non observar ningunha das actividades de ocio,

nin as conferencias inaugurais de cada día por falta de relación co obxectivo xeral do traballo; o mesmo coas actividades “Mar de fíos” e “Primeiros auxilios”.

Táboa 3- Número e porcentaxe de actividades que foron observadas sobre o total de actividades programadas por tipoloxía de actividade

TIPO DE ACTIVIDADE	N.º Actividades Programadas	Nº Actividades Observadas	% Observadas/ Programadas
Conferencias e/ou debates	15	10	66,67%
Ocio	10	0	0,00%
Simulación campo de persoas refuxiadas	4	4	100,00%
Visitas guiadas	5	5	100,00%
Curtas	3	2	66,67%
Actividades interactivas	12	8	66,67%
Actividades infantís	7	6	85,71%
Canceladas	-	3	-
Total	56	38	67,86%

Fonte: Elaboración propia

Debido a intensidade da programación do evento e ao solapamento de moitas das actividades, foi preciso crear unha equipa de persoas voluntarias que para realizar as diferentes observacións non participantes. Para realizar esta equipa foi imprescindible o apoio da OCV e tamén do alumnado do MOPS, pois houbo un total de once persoas observadoras, todas con formación específica no eido social (seis estudantes do Mestrado en Políticas Sociais e Intervención Sociocomunitaria, catro estudantes de Educación Social e unha Socióloga, Anexo IX). Esta equipa interdisciplinar foi formada a través da elaboración propia dunha sesión específica para que todas as observacións tivesen unha estrutura común e unha mesma modalidade de recollida de datos, e foi distribuída de xeito que quedasen cubertas o maior número de actividade posibles (Anexo X). Así, o número de observación realizadas por persoa observante foron:

Táboa 4.- Observación realizadas por persoa observadora

Observador/a	Nº de observacións
Antía Souto Pardo	1
Araceli Macías García	4
Ara-Sol Romero Vázquez	1
Helena López Gómez	4
Iria Vázquez Silva	2
Lorena Boga García	12
Lorena Rilo Pérez	4
María Alonso Enríquez	2
Eva Paola Bermúdez Porras	2

Raúl Gil García	2
Vanessa Míguez Martín	1
Total	35³

Fonte: Elaboración propia.

Deste xeito, xuntando a recollida de datos a través do cuestionarios e as diferentes observacións non participantes levadas a cabo durante o evento, preténdese elaborar unha triangulación dos datos obtidos a partir da cal lograr unha maior fiabilidade e validez nos resultados da avaliación.

2. Análise de datos⁴

Tal e como fixemos referencia na estratexia metodolóxica, para realizar esta análise de datos recollemos cuestionarios en 31 actividades e observamos un total de 35 (xa que tres foron canceladas sen previo aviso). Este traballo de recollida de información fixo que fosen observadas 1013 persoas e se recollesen 454 cuestionarios, o que supón unha taxa de resposta do 44,82%.

Táboa 5.- Número e porcentaxe de cuestionarios recollidos sobre o total de persoas asistentes por actividade

TIPO DE ACTIVIDADE	N.º Actividades	Nº Asistentes	Nº Cuestionarios	% Cuestionarios /Asistentes
Conferencias e/ou debates	10	529	188	35,54%
Ocio	0	0	0	0
Simulación campo de persoas refuxiadas	4	120	71	59,17%
Visitas guiadas	3	50	22	44,00%
Curtas	2	84	26	30,95%
Actividades interactivas	7	173	122	70,52%
Actividades infantís	5	57	25	43,86%
Canceladas	3	-	-	-
TOTAL:	33	1013	454	44,82%


Fonte: Elaboración propia.

Toda esta información foi reunida nos Xardíns de Méndez Núñez durante os días 14, 15 e 16 de Xuño, habendo unha diferenza significativa en cada un dos días pois como se pode observar a continuación o sábado (42,73%) case acumula a asistencia de xoves (26,66%) e venres (30,31).

³ A pesar de ter programadas 38 foron observadas 35 porque 3 das actividades foron canceladas sen previo aviso.

⁴ Por transparencia todos os datos nos que se basea esta análise pódense consultar nos anexos XI, XII, XIII, XIV e XV.

Gráfico 2.- Asistencia segundo o día do evento



Fonte: Elaboración propia.

Dado que as actividades infantís foron avaliadas dun xeito diferente ao resto de actividades ao empregar un cuestionario adaptado ao desenvolvemento madurativo das crianzas, decidiuse dividir por un lado a análise das actividades xerais e, por outro, a análise das actividades infantís como veremos a continuación.

i. Análise das actividades xerais


Nesta análise recóllense todas aquelas actividades que non van dirixidas exclusivamente ao público infantil co obxectivo de conformar o perfil das persoas participantes, determinar se as actividades de sensibilización conseguiron ampliar a información das persoas participantes con respecto á temática central da mesma, ver si se conseguiu promover un cambio de actitudes e/ou comportamentos e, por último, ver as diferentes cuestións a mellorar para que o evento poida superarse ano a ano.

1. Perfil das persoas participantes

Un dos obxectivos específicos desta avaliación é elaborar un perfil das persoas participantes en Acampa 2018, para coñecer a poboación á que se conseguiu chegar e cales foron as estratexias que se utilizaron para que esa poboación acudise. Por elo, a continuación, analizarase o xénero e idade das persoas participantes, así como a forma na que coñeceu Acampa e ao tipo de actividades que acudiu dentro do evento.


As actividades observadas revélanos que o 50% das mesmas non presentan un sexo maioritario, senón que ambos sexos se presentan en proporcións similares, mentres que do outro 50% restante o 44% son actividades maioritariamente feminizadas fronte a un 6% de actividades masculinizadas. Estes datos tamén se ven reflectidos, aínda que en menor medida, nos cuestionarios recollidos, pois á pregunta xénero case o 56% das persoas participantes manifestaron ser mulleres, fronte a case un 39% que manifestaron ser homes. Ambos datos revélanos un perfil de participantes lixeiramente feminizado.

Gráfico 3.- Xénero cuestionarios



Fonte: Elaboración propia a partir dos cuestionarios.

Gráfico 4.- Sexo maioritario nas observación por actividade




Fonte: Elaboración propia a partir das observación.

Con respecto a idade, quíxose dividir a poboación asistente en cinco grupos: menores de idade, persoas maiores, e tres grupos máis en relación ás idades obxectivo da OCV – de 18 a 24 idade maioritaria de grao, de 24 a 36 idade maioritaria de postgraos e doutoramentos, e resto de adultos–.

Tendo en conta estes grupos, púidose observar que nun 53% das actividade o grupo maioritario era o de 36 a 64, seguido do 16% das actividades nas que a idade maioritaria era menor de idade –dato lóxico dado o amplo número de actividades dirixidas exclusivamente a público infantil–, seguido dun 12% de actividades de maioría adultos de 24 a 36 anos.


No caso dos cuestionarios, a realidade é moi semellante, pero máis proporcional, pois vemos como se reduce a porcentaxe de menores de idade (10%) e se amplía a porcentaxe de persoas adultas de 24 a 36 anos (23%), converténdose no grupo maioritario xunto coas persoas adultas de 36 a 64 anos (43%).

Gráfico 5.- Idade cuestionarios



Fonte: Elaboración propia a partir dos cuestionarios.


Gráfico 6.- Idade maioritaria observación por actividade



Fonte: Elaboración propia a partir das observación.

Isto revélanos un perfil de asistentes composto por persoas adultas entre 36 e 64 anos, aínda que a realidade varía en relación a tipoloxía de actividades pois, como vemos no seguinte gráfico, as actividades de tipoloxía interactiva son moito máis atractivas para as persoas entre 24 e 36 anos, chegando a case equipararse ambos grupos de idade.


Gráfico 7.- Idade dos cuestionarios por tipoloxía de actividade



Fonte: Elaboración propia a partir dos cuestionarios.

No referente a como coñeceron Acampa, un 24% manifesta que a través de outras persoas, seguido dun cercano 23,64% que din coñecelo por colaborar activamente con unha entidade (sexa como socio, voluntario, traballador...). Case un 20% repite evento, xa que acudiron ao Acampa 2017, e as campañas de difusión do evento funcionaron con un 25,82% das persoas que respostaron aos cuestionarios (14,18 - Medios de comunicación; 11,65% -Internet e redes sociais). Só un 7,09% das persoas que responderon eran persoas que pasaban por alí e se pararon no evento.


Gráfico 8.- Resposta á pregunta “Como coñeciches Acampa?”



Fonte: Elaboración propia a partir dos cuestionarios.

Pero estas porcentaxes varían moito cando as desagregamos por tipoloxía de actividade, sobre todo nas actividades interactivas, pois este tipo de actividades conseguiron que máis de un 18% de persoas que non coñecían o evento se parasen a participar no mesmo, fronte ao resto de actividades que non conseguiron superar o 3,75%. Aínda con todo, en todas as tipoloxías de actividades (a excepción das conferencias e/ou debates) a maioría de asistentes son persoas pertencentes as propias entidades.


Gráfico 9.- Resposta á pregunta “Como coñeciches Acampa?” por tipo de actividade



Fonte: Elaboración propia a partir dos cuestionarios.

Con respecto a si as persoas que responderon aos cuestionarios acudiran a máis actividades durante o evento Acampa 2018, un 39,39% manifestaron que si, fronte a un 53,85% que manifestaban que era a súa primeira actividade e un 6,76% que non contestaron. Das persoas que respostaron que si, un 23,55% acudira a outras conferencia e/ou debates, un 18,60% a exposicións fotográficas e un 14,05% a visita guiada da simulación do campo de persoas refuxiadas, entre outras.

Gráfico 10.- Resposta á pregunta “En que outro tipo de actividades participaches?”



Fonte: Elaboración propia a partir dos cuestionarios.

2. Sensibilización

Tal e como indica Maite Serrano (2002) o obxectivo de toda sensibilización é informar para motivar o cambio e a mobilización social, polo que, para esta avaliación, determinar se as actividades de sensibilización conseguiron ampliar a información que as persoas participantes xa tiñan respecto ao tema a tratar é algo fundamental.

Segundo as categorías obtidas para determinar se houbo unha ampliación desta información, determinouse que un 52,16% das persoas que respostaron as preguntas que recollían información antes e despois da actividade, mostraban un cambio ou ampliación na concepción que traían de partida, fronte a un 47,84% que non.


Tal e como se especificou na estratexia metodolóxica, estas preguntas de antes e despois clasificáronse en seis tipoloxías adaptadas ás seis temáticas nas que se dividían as actividades, polo que a continuación iremos desagregando como foi xurdindo esta ampliación por cada unha das preguntas principais.

a. Para ti que é unha persoa refuxiada por cambio climático?

Tal e como se recolle no anexo V, os cuestionarios que teñen como eixo esta pregunta corresponden a actividades que versaban sobre a figura da persoa refuxiada por cambio climático. Para analizar as respostas empregouse unha categorización a través da definición de Borrás (2006) (anexo VI) e así poder comparalas e observar si existiu unha ampliación na definición de persoa refuxiada por cambio climático nas persoas participantes.


Neste caso, un 13,62% das persoas participantes non contestaron a estas preguntas, un 26,46% non contestaron a algunha delas e, polo tanto, non son comparables, e do resto de respostas que si son comparables un 35,06% das persoas participantes manifestaron unha ampliación na súa concepción destas persoas.

Gráfico 11.- Comparación entre as respostas antes e despois da pregunta “para ti que é unha persoa refuxiada por cambio climático?”



Fonte: Elaboración propia a partir dos cuestionarios.

Gráfico 12.- Respostas comparables da pregunta “para ti que é unha persoa refuxiada cambio climático?”




Fonte: Elaboración propia a partir dos cuestionarios.

Esta evolución ou ampliación no concepto pódese observar no seguinte gráfico, pois mostra as respostas dadas antes e despois das actividades. Nel reflíctese que as persoas xa eran conscientes de que as persoas refuxiadas por cambio climático eran “persoas (150) forzadas a deixar o seu hábitat tradicional (141) debido a un marcado transtorno ambiental (125)”, e tamén moitas delas eran conscientes de que ese transtorno era froita de “causas naturais (46)”; máis despois da actividade experimentouse unha medra en absolutamente todas as categorías (a excepción da categoría “non sabe”), sendo esta evolución lixeiramente máis intensa nas categorías “manifestan cambios noutras concepcións” relacionadas con refuxio por cambio climático, e tamén noutras que amplían máis o seu concepto como que eses transtornos poden son tamén “por causas provocadas pola actividade humana (42)”,

que estas persoas “non teñen recoñecido o status de persoa refuxiada (20)” e que a súa situación “pode mellorar con vontade política(14)”.

Gráfico 13.- Número de respostas comparables á pregunta “Para ti, que é unha persoa refuxiada pro cambio climático?”, antes e despois da actividade



Fonte: Elaboración propia a partir dos cuestionarios.

Algúns exemplos desta evolución na concepción das persoas refuxiadas por cambio climático son:

“[antes] Persona obligada a desplazarse debido a las repercusiones del cambio climático en su forma de vida. [despois] Persona obligada a abandonar su hogar, no solo por cuestiones naturales, si por como países externos explotan los recursos haciendo cambiar las condiciones climáticas casi siempre por motivos económicos”. (C115)⁵

“[antes] Una persona que ha tenido que abandonar su región habitual debido a que las condiciones climáticas han cambiado y hace inviable la vida allí. [despois] Añadiría a lo anterior que son personas que se encuentran en esta situación con una falta grave de sus derechos humanos y son totalmente dependientes”. (C76)

“[antes] Persoa que ten que abandonar o seu fogar por mor do cambio climático (do que todo o mundo somos responsables) e buscar noutro territorio a posibilidade de levar unha vida digna. [despois] Non houbo cambio na miña concepción do que é, mais si da realidade dos campos de refuxiados”. (C21)

“[antes] Unha persoa vulnerable e exposta a perigos a causa das condicións climáticas. [despois] Engadir o abandono por parte dos gobernos e outras condición sociais e económicas”. (C389)

“[antes] Unha persoa que se ten que marchar de donde vive porque por culpa do cambio climático no dispone de las necesidades básicas. [despois] El concepto que tengo sigue siendo el mismo, pero despues de esta actividad me he dado cuenta de que las consecuencias del cambio climático las sufren los países subdesarrollados que no tienen recursos, el 3º mundo es el más afectado”. (C301)

⁵ As referencia con formato C máis un número fan referencia ao cuestionario e a numeración do mesmo.


“[antes] No lo sé. [despois] Siempre fui consciente del problema ambiental (como del plástico), pero nunca de que podía afectar tanto”. (C168)

b. Para ti que supón o cambio climático no ser humano?

Os cuestionarios que contiñan esta pregunta empregáronse en actividades onde o eixo central era o cambio climático e as súas causas e/ou consecuencias (anexo V). Para analizar as respostas empregouse unha categorización que nos servise para agrupar as respostas (anexo VI) e así poder comparalas e observar si existiu unha ampliación na súa relación do cambio climático e o ser humano.


Tal e como podemos observar, un 10% das persoas participantes non contestaron a estas preguntas, un 32% non contestaron a algunha delas e, polo tanto, non son comparables, e do resto de respostas que si son comparables un 27% das persoas participantes manifestaron unha ampliación na súa relación entre o cambio climático e o ser humano.

Gráfico 14.- Comparación entre as respostas antes e despois da pregunta “para ti que supón o cambio climático no ser humano?”



Fonte: Elaboración propia a partir dos cuestionarios.

Gráfico 15.- Respostas comparables da pregunta “para ti que supón o cambio climático no ser humano?”




Fonte: Elaboración propia a partir dos cuestionarios.

Esta ampliación que experimentaron estas persoas participantes pode observarse no seguinte gráfico, onde se reflexa que a maioría de categorías experimentaron unha subida, é dicir, que máis persoas incluíron esas temáticas na súa concepción. As únicas categorías que sufriron unha baixada son a categoría “Non sabe”, pois enténdese que grazas á actividade puido superar esta primeira barreira do descoñecemento, e a categoría “definicións e consecuencias no planeta”, porque deixaron máis a un lado nas súas respostas a definición teórica do que é o cambio climático e o que afecta na a zonas naturais e os seres vivos, para centrar máis a súas respostas no que afecta directamente ao ser humano.

Con respecto as categorías que máis experimentaron unha evolución en positivo, é dicir, que máis persoas as incluíron na súa concepción, serían que o cambio climático supón un “risco/perigo para a vida (59)”, un “cambio na forma de vida (42)” e un “deterioro da calidade de vida (41)”, que pode ser minimizado con “políticas (13)” adecuadas que protexan o medioambiente e sancionen determinados comportamentos de gobernos e empresas.

Gráfico 16.- Número de respostas comparables á pregunta “Para ti que supón o cambio climático no ser humano?”, antes e despois da actividade



Fonte: Elaboración propia a partir dos cuestionarios.

Algún exemplos desta evolución entre o antes e o despois da concepción das persoas participantes entre o cambio climático e o ser humano son as seguintes:

“[antes] Eliminación especies/flora; Contaminación; climas adversos; pobreza, menos recursos, migracións, cambio en el modo de vida que llevamos. [despois] Supón unha ameaza a que debemos enfrontarnos xa, con políticas públicas e actuacións particulares que vaian na mesma dirección; de non destruílo planeta e máis facer un plantea máis xusto, máis humano”. (C142)

“[antes] No lo tengo claro. [despois] Supone un riesgo para la vida de las personas porque las personas que lo sufren y se quedan sin hogar, ni cultivo, no tienen quien los ampare”. (C340)

“[antes] O cambio da temperatura do planeta. [despois] Desemprego, migración, contaminación”. (C348)

“[antes] Eso es un invento, no existe. [despois] Hay que abordarlo inmediatamente”. (C374)


- c. Como cres que son as solucións políticas en relación ao refuxio por cambio climático?

Esta pregunta foi recollida en cuestionarios destinados a conferencias e debates onde o eixo central era a situación lexislativa do refuxio por cambio climático e as políticas

en relación ao tema (anexo V). Para analizar as respostas empregouse unha categorización que nos servise para agrupar as respostas (anexo VI) e así poder comparalas e observar si existiu unha ampliación nos coñecementos das persoas participantes en relación as políticas destinadas a refuxio por cambio climático.


Tal e como podemos observar, un 8,64% das persoas participantes non contestaron a estas preguntas, un 50,62% non contestaron a algunha delas e, polo tanto, non son comparables, e do resto de respostas que si son comparables un 57,58% das persoas participantes manifestaron unha evolución ou aumento do seu coñecemento sobre as solucións políticas no eido do refuxio por cambio climático.

Gráfico 17.- Comparación entre as respostas antes e despois da pregunta “como cres que son as políticas en relación ao refuxio(...)?”



Fonte: Elaboración propia a partir dos cuestionarios.


Gráfico 18.- Respostas comparables da pregunta “como cres que son as políticas en relación ao refuxio(...)?”



Fonte: Elaboración propia a partir dos cuestionarios.

No seguinte gráfico podemos comprobar esta evolución das respostas comprables antes e despois da conferencia ou debate en cuestión. Como podemos observar as persoas asistentes xa contemplaban antes de asistir a actividade que estas solucións políticas eran “insuficientes, precarias (12)” e “eurocéntricas(9)”, mais despois de asistir quedou moita máis clara esta insuficiencia (17) e, sobre todo, esclareceuse que eran “inexistentes (9)” as políticas específicas ao non ser nin recoñecido o status de persoa refuxiada por cambio climático, pero que se podía solventar esta situación facendo presión social a través do movemento civil e a través da vontade política (10).

Gráfico 19.- Número de respostas comparables á pregunta “Como cres que son as solucións políticas en relación ao refuxio por cambio climático?”, antes e despois da actividade



Fonte: Elaboración propia.

Algúns exemplos das respostas que nos podemos atopar no anexo XI en relación á evolución das persoas participantes sobre as solucións políticas no eido do refuxio por cambio climático son:

“[antes] Son bastante pasivas. Tratan de normalizar las consecuencias del refugio por cambio climático en vez de atajar el problema. [despois] Excusas o inexistentes. Tratan de excusar los problemas en el "inevitable" calentamiento global. (C115)

“[antes] Non as coñezo, pero diría que insuficientes e ineficaces. [despois] Interesadas e deshonestas. (C389)

“[antes] Inexistentes. [despois] Factibles. Se falamos e concienciamos aos gobernos da empatía e de que existe un problema real. Poñer o foco aí” (C94)

“[antes] Deberían ser de dous tipos, unhas máis concretas nos propios lugares afectados e outras máis xenéricas tomando medidas (enerxía, consumo, etc) que vaian freando o cambio climático. [despois] Primeiro parece que hai que definir o concepto e despois tomar medidas axeitadas, como no dos - de refuxiados a nivel mundial”.(C92)

d. Gustaríache participar nalgunha acción voluntaria con persoas refuxiadas (cal)?

Esta pregunta foi exclusivamente recollida na actividade *World café*, por ser a única actividade que tiña como eixo central o voluntariado. Neste sentido o 90% das persoas participantes manifestaron antes de realizar a actividade que si lles gustaría participar en accións de voluntariado con persoas refuxiadas, e ese mesmo número de persoas volveu a responder que si estaban interesadas en realizar voluntariado no eido do refuxio despois de realizar a actividade. En ningún momento especificaron como


querían colaborar, polo que non houbo ningún tipo de evolución nesta pregunta xa que entendemos que as persoas asistentes xa eran persoas con ese interese dende un principio.

e. Cal é a túa impresión sobre a cultura árabe?

Os cuestionarios que contiñan esta pregunta foron destinados a actividades nas que se facía unha inmersión na cultura árabe (obradoiro de danza árabe e obradoiro de iniciación ao árabe) (anexo V). Para analizar as respostas empregouse unha categorización que nos servise para agrupar as respostas das persoas participantes (anexo VI) e así poder comparalas e observar si existiu un cambio de impresión sobre a cultura árabe ao realizar ditas actividades.


Tal e como podemos observar nos seguintes gráficos, un 16,67% das persoas participantes non contestaron a estas preguntas, máis do 83,33% restantes que si contestou, un 70% manifestou un lixeiro cambio na súa impresión sobre a cultura árabe, fronte a un 30% que non manifestou ningún tipo de cambio.

Gráfico 20.- Comparación entre as respostas antes e despois da pregunta “cal é a túa impresión sobre a cultura árabe?”



Fonte: Elaboración propia a partir dos cuestionarios.

Gráfico 21.- Respostas comparables da pregunta “cal é a túa impresión sobre a cultura árabe?”




Fonte: Elaboración propia a partir dos cuestionarios.

No seguinte gráfico pódense observar como de partida a maioría de respostas sobre a cultura árabe se iniciaban dende o “interese (13)” e o “descoñecemento (8)”, incluso con unha delas dende o “prexuízo (1)”, para dar paso despois das actividades a un cambio que nos segue mostrando o “interese (8)”, pero sobre todo o “eloxio (13)” cara esta cultura e incluso impresións de “irmandade (3)” entre a cultura dos participantes e a cultura árabe, impresións tamén moi motivadas polas propias profesoras.

“La profesora todo el rato de habla de romper tópicos y de conocer otras culturas, que es la forma de conocerse”. (O⁶30)

Gráfico 22.- Número de respostas comparables á pregunta “Cal é túa impresión sobre a cultura árabe?”, antes e despois da actividade



Fonte: Elaboración propia.

Alguns exemplos destes cambios nas impresións sobre a cultura árabe son:

“[antes] Muy interesante. [despois] A través del baile se observa que son más afables de lo parecen en los medios”. (C184)

“[antes] Que hay que conocerla mas profundamente. [despois] Que no es tan alejada de la nuestra, y que además hemos bebido de ella”. (C189)

“[antes] Conozco poco. [despois] Me ha ayudado a superar miedos sobre la lengua. (C353)

f. Como cres que é a viaxe das persoas refuxiadas ata chegar a Europa?

Esta pregunta pretendía recollerse nas actividades das curtas audiovisuais, máis finalmente pasouse só nunha das curtas, pois a outra foi cancela, e debido a un erro de impresión dos cuestionarios só se puido recoller a pregunta de antes de realizar a actividade. Debido a isto, non se pode comparar o antes e despois nesta pregunta pero si se puido observar que o 100% das persoas que respostaron a pregunta (que foron o 93,33% dos asistentes), empregaron adxectivos negativos propios dunha viaxe como esta. Alguns destes adxectivos que empregaron recóllense a continuación:

“Difícil, Inhumano, inseguro, un calvario, desesperante, aterrador, un pesadelo, desolador, durísimo, incerto, perigoso, triste, horrible, imposible, dramático”. (C41-C55)

⁶ As referencia con formato O máis un número fan referencia a observación e a numeración do mesmo.

3. Impacto na transformación do concepto de persoa refuxiada

Un dos obxectivos específicos desta avaliación é medir o impacto que as actividades de sensibilización puideran ocasionar na transformación do concepto de persoa refuxiada sobre as persoas participantes. Para elo, deseñouse unha pregunta no cuestionario na que estas persoas puideran valorar este impacto nunha escala do 0 ao 9 onde 0 significaría “nada” e 9 significaría “moito”⁷. Os resultados obtidos nestes cuestionarios foron:

Táboa 6.- Media de impacto na transformación do concepto de persoa refuxiada por actividade

Nome da actividade	Media
Actividade Mar de fábula	7,5
Certame de Microrrelato e poesía	5,79
Conferencia: A crise dos Rohingya	6,75
Conferencia: Cambio Climático, millóns de persoas en perigo	7,5
Conversación con Alessandro Grassani	7,46
Curta: Siento haberme ahogado	6,6
Debate: Como legislar?	6,3
Debate: Dereito ao refuxio por cambio climático	6
Encontro fotográfico	6,14
Iniciación á danza árabe	6,62
Katsikas, Ecos dun éxodo	8,09
Obradoiro introdutorio á lingua árabe	4,9
Obradoiro: Da chabola ao alimento sostible	7,44
Pegada ecolóxica	6,5
Quen é quen?	7,16
Salvar vidas, obriga ou delito?	6,35
Unha foto, unha historia	7,04
Visita guiada Daesung Lee	8,08
Visita guiada Pedro Armestre	8,38
Visita guiada simulación campo	6,72
Visita guiada: Fráxil	9
World café	7,7
Total Resultado	6,76

Fonte: Elaboración propia a partir dos cuestionarios.

A media xeral do evento é dun 6,76 de 9, o que indica na escala que elaboramos que as actividades levadas a cabo durante o evento causaron bastante impacto sobre o seu concepto de persoa refuxiada, sendo as actividades máis valoradas aquelas que contiñan material visual ou adiovisual como son é o documental Katsikas, ou as exposicións fotográficas de Pedro Armestre ou Daesung Lee.


⁷ As categorías desta escala son: 0 e 1= Nada; 2 e 3= Pouco; 4 e 5= Algo; 6 e 7= Bastante; 8 e 9= Moito.

4. Predisposición ao cambio actitudinal/comportamental

Unha das principais inquiredanzas as que se pretende dar luz nesta avaliación é saber se estas actividades de sensibilización conseguiron cumprir o seu obxectivo de motivar cara un cambio actitudinal e/ou comportamental da poboación asistente, e é por elo que a primeira pregunta deste bloque se centra no saber máis, pois pártese da base de que a sensibilización é o inicio ou a aportación primeira para, se á persoa lle interesa, seguir investigando sobre a temática en cuestión.

Neste caso, o 83'45% das persoas que respostaron aos cuestionarios manifestaron que si lles gustaría seguir indagando sobre este tema, fronte a un 1,63% que manifestaron que non.


Gráfico 23.- Respostas “A partir desta actividade, gustaríache seguir indagando sobre este tema?”



Fonte: Elaboración propia a partir dos cuestionarios.

Con respecto ao cambio actitudinal ou comportamental, o 62,70% expresan que si lles gustaría facer algo sobre este tema, fronte a un 1,17% que expresa que non, e un 36,13% que non sabe/no contesta. Con respecto a ese 62,70%, un 33% non contestaron que tipo de acción lles gustaría levar a cabo, mais o 66% restante propuxeron os diferentes exemplos de accións en relación ao refuxio por cambio climático que foron categorizados a continuación:

Gráfico 24.- Respostas categorizadas dos exemplos de accións elixidas na pregunta “Despois desta actividade, gustaríache facer algo respecto a este tema?”



Fonte: Elaboración propia a partir dos cuestionarios.

Como se pode observar a acción máis elixida polas persoas participantes foi a de concienciar e sensibilizar ao seu redor, propondo actividades –entre outras moitas que se poden atopar no anexo XI– como estas:

“Explicar e difundir todo o que vin e oín as persoas que coñezo”. (C176)

“Levar a charla á facultade de Ciencias da Educación e levar a cabo un proxecto”. (C435)

“Levalo ás aulas cos meus alumnos de secundaria”. (C399)

“Un proxecto ou representación teatral que busque incomodar e investigar sobre este tema á poboación”. (C63)

As dúas seguintes categorías máis propostas despois da conciencización son “Consumo ético e responsable” e “Reciclar, reducir, reutilizar”, plantexando accións como estas:

“Reciclar. Ahorrar enerxía”. (C290)

“Reciclado de basura indispensable. Conciencia de la reducción de ciertos materiales (plástico, coltán, aceite de palma...)” (C297)

“Minimizar el consumo de productos embolsados” (C195)

“Consumir produtos de comercio xusto. Por exemplo, máis xusto cos produtores” (C2)

“Reducir consumo plásticos; aumentar uso de transporte público; aumentar consumo de produtos de proximidade”. (C232)

“Producir menos lixo, consumir produtos locais, reciclar”. (C287)

“Practicar unha vida austera, sen excesos, sen consumo sen necesidade”. (C120)

Mais como se pode observar na táboa de categorías, as actividades propostas polas persoas participantes son moi diversas, colaborar con ONGs e outras asociacións, investigar sobre este eido, facer presión política, etc. Accións que lles gustaría levar a cabo unha vez participado no evento Acampa 2018.

“Realización de un TFG sobre el asilo o personas refugiadas” (C39)

“Denunciar o sistema rentista internacional que vive da exclusão e vulnerabilidade de moitos povos do mundo, primarizando nas economías para ofrecerem bens naturais para as elites do planeta”. (C130)

“Seguir bailando, une y rompe fronteras” (C189)

“Haciendo amistades árabes y de otras nacionalidades (pakisteníes, afganos...)”. (C179)

“Acabei a carreira de Ed. Social e gustárame traballar coas persoas refuxiadas directamente”. (C43)

“Creo que unha das cousas máis importantes é informarnos e non deixar de buscar noticias deste tipo xa que cos medios de comunicación habituais non nolo fan chegar”. (C48)

Certamente estes cambios nestes momentos non poden ser verificables, polo que decidimos introducir unha pregunta a maiores para aquelas persoas que si acudiron o ano pasado e repetían este ano co fin de observar se o feito de acudir a Acampa 2017 fixo que realmente houbo unha implicación por parte das persoas asistentes durante ese ano ata o Acampa 2018. A respostas recollidas reveláronnos que un 25,17% das persoas que responderon manifestaron que si tiveron unha implicación con entidades relacionadas co eido do refuxio, asistencia a eventos, movementos sociais, etc.; revelando o 40,54% das mesmas que colaboraron con algunha ONG ou asociación e un 8,11% que seguiron participando en diversas actividades deste tipo.

Gráfico 26.- Respostas das persoas implicadas a raíz de Acampa 2017





Gráfico 25.- Implicación durante o última ano a raíz de Acampa 2017




5. Observacións xerais

A última das preguntas que se recollen nos cuestionarios é a pregunta de “Observacións (opinións, melloras, temas que che interesen para futuros Acampa)”, opción que foi respostada polo 37% das persoas que cubriron os cuestionarios, e deixada en branco polo 63% das mesmas.


Estas respostas xiraron sobre cinco temáticas fundamentalmente que son de moita utilidade para coñecer punto fortes e frouxos do evento dende a perspectiva das persoas que o están a vivenciar en primeira persoa, ademais de contar coas observacións que nos serven para completar estes discursos que conteñen moitos parabéns e agradecemento, pero tamén moitas suxestións das que tomar nota. A continuación iremos desagregando canda unha destas temáticas.

Gráfico 27.- Respostas das observación no total de cuestionarios



Fonte: Elaboración propia a partir dos cuestionarios.

Gráfico 28.- Respostas das observación contestadas polas persoas participantes



Fonte: Elaboración propia a partir dos cuestionarios.

a. Parabéns e agradecementos

Das cinco categorías que se conseguiron construír a través das persoas participantes, os “parabéns e agradecementos” é a máis concorrida –un 38,93% das persoas que respostaron deron os seus parabéns– para felicitar tanto a organización, como as organizacións, como as persoas voluntarias que alí se atopaban por crear un evento de tal magnitude para conseguir sensibilizar. Algunhas destas respostas que podemos atopar no anexo XI son:

“Parabéns polo uso do galego! Os fotógrafos son dunha calidade profesional e humana extraordinaria. Adorei a exposición na súa totalidade. É admirable”. (C380)

“Parabéns a Acampa. Agradécese e valoro moito o uso da lingua galega, non só en todo o material do proxecto, senón na relación coa xente de Acampa”. (C381)

“Gracias por organizar estas actividades” (C188)

“Parabén a Margarita, Xosé Manuel e ás mozas do quen é quen. Parabéns polo uso do galego”. (C335)

“Que Acampa siga implicando estos procesos de sensibilización de la ciudadanía, gracias.” (C270)

“Me parece una gran labor la que haceis.” (C271)

“Grazas por ter a ocasión de axudarnos a reflexionar e modificar as nosas vidas”. (C216)

b. Suxestións organización

A segunda categoría máis empregada á hora de realizar as observacións foi a de “Suxestións organización” (32,89%), é dicir, apuntamentos ou recomendacións que as persoas participantes ofrecen para mellorar a organización do evento. Dentro desta categoría unha das temáticas nas que máis insisten é na do cumprimento dos horarios, nos cambios de lugar das actividades a última hora e nas cancelacións sen aviso, feito que tamén aparece de forma reiterada nas observacións realizadas pola equipa avaliadora:

“Cumplir los horarios y mejor información del programa”. (C213)

“Que avisen mejor de los cambios en el programa”. (C424)

“Mejorar la organización, que se cumpla el programa y sus horarios, que se informe bien de donde y a que hora son las actividades”. (C292)

“Rocódromo. Programado para as 17.00 pero acabouse de montar as 19.30. Damos por cancelada a actividade sen aviso”. (O13)

“Danza árabe. Programada para las 18.00 y a las 18.12 aún están montando el local. Empezó cerca de las 18.30”. (O16)

Este desfase entre tempos supuxo na intensiva axenda de Acampa, que algunhas actividades tiveran que finalizarse de xeito apurado, tal e como se recolle nos cuestionarios e observacións:

“Gestión del tiempo, demasiado apurados”. (C219)

“Sensación de ir a correr para respetar o tempo da seguinte actividade” (O18)

“Ofrece a quen teña dúbidas a realizar un coloquio fora da carpa xa que non queda tempo. Finalmente fora tampouco se realiza ningunha pregunta. Quédase nun mero visionado”. (O10)

“Pedro Armestre abre espazo final de preguntas, pero os da organización indican que se teñen que ir e cerrar a actividade” (O21)

E é que foron cambiadas no último momento 6 actividades, canceladas sen previo aviso 3 e comezaron tarde un total de 18 actividades das 35 avaliadas (51,42%), con unha media de 20 minutos tarde por cada unha destas actividades (Anexo XV).

Unha proposta moi interesante que podería reducir esta sensación de afogo no caso de que algunha actividade rematase tarde sería empregar música entre actividade e actividade para que existise unha marxe de minutos:

“A música debería ser posta no medio e non ao final, como na radio”. (C92)

Aínda que coa música e o son das actividades tamén se debe ter coidado, pois tal e como se recolle en diferentes cuestionarios e observacións, poden entorpecer a outras actividades simultáneas que se estean levando a cabo ao redor:

“Hai actividades que poden molestar o normal desenvolvemento doutras (música ao carón dunha conferencia ou encontro como foi este caso)”. (C373)

“A música da clase de danza árabe a veces era molesta, pero non insoportable” (O15)

“Ao final da actividade un tambor ensaia preto da mesa da actividade e dificulta que as persoas escoiten” (O33)

“Problemas de son, imposible oír a través dos micros” (O36)

Outra temática recorrente nesta categoría é a difusión, moitos dos asistentes reclaman pouco visibilidade do evento e piden maior publicidade para unha maior asistencia

“Mais publicidade”. (C91)

“Máis publicidade anticipada desde proxecto -> é necesario! GRACIAS”. (C96)


“Penso que está pouco anunciado”. (C253)

“Este a no foi pouco visible, a xente non estaba ao tanto. E algúns dos viandantes eran pasivos. Tal vez facer performance e actos artísticos en lugares públicos como prazas ou o obelisco para estimular a empatía e mudar as ideas limitantes”. (C395)

Avaliar a publicidade do evento non entra dos obxectivos deste traballo, mais unha parte fundamental de toda actividade de sensibilización é a captación. A captación permítenos atraer a persoas que nun principio non estarían interesadas en asistir nun evento deste tipo e precisamente son esas persoas o noso público prioritario, pois seguramente non estean para nada sensibilizadas coa temática. Das actividades observadas o 77,14% non tivo ningún tipo de captación, un 11,43% tivo unha captación máis de xeito moi lixeiro, é dicir, simplemente invitando a quen se acercara, e un 11,43% tivo unha captación intensa. Fronte a este número, atopamos a porcentaxe de actividade que precisaba captación para mellorar a súa asistencia, e


atopámonos con que o 91,43% das mesmas si a precisaba, número totalmente oposto a realidade da captación realizada.

Gráfico 29.- Tipo de captación nas Actividades observadas



Fonte: Elaboración propia a partir dos cuestionarios.

Gráfico 30.- Porcentaxe de actividades que precisaban captación



Fonte: Elaboración propia a partir dos cuestionarios.

Tamén se observou que o feito de que non existise captación non foi por falta de persoal, senón que habendo o voluntariado suficiente non se tomou a iniciativa de captar máis público, incluso cando eran as propias persoas quen se acercaban por curiosidade, non se lles daba a opción de participar.

“Non se fixo ningún tipo de captación nin antes nin durante a actividade. Non se invitou a ninguén que se paraba na entrada a entrar” (O6)

“Non existe captación. Tampouco se invita a entrar as persoas que se paran a pesar de que había xente da organización suficiente para facer isto. Tampouco se lle ofrecen cascos as persoas novas que se queren unir” (O8)

“Non había ninguén na entrada invitando a entrar” (O10)

“Captación moi light. Só invitaba a participar se alguén se cruzaba por alí. Non había busca de xente a pesar de ser tres monitoras e haber tido tres asistentes durante toda a actividade” (O17)

“Non houbo captación, tampouco se invitaba a xente que se asomaba pola entrada da carpa a pesar de haber menos xente do previsto por coincidir co partido de España no Mundial de Fútbol” (O19)

“Moita xente interesada sen atención, parase a xente soa e non se lle ofrecen cascos para a visita guiada. Falta de implicación real do voluntariado” (O20)

c. Suxestión actividade

Outro bloque dos comentarios recollidos é o relacionado directamente coas actividades (12,08% das respostas), onde as persoas participantes puideron dar as súas impresións. Tamén nas observacións se recolleron as interaccións destas persoas en relación á actividade, o que, sumado, nos dá os resultados de que continuar facendo e que mellorar na oferta de Acampa.

No caso da simulación do campo das persoas refuxiadas, foron moitas as opinións positivas sobre a visita, e tamén plantexaron varias persoas que se fixesen paneis informativos para que se puidese visitar autonomamente sen guía durante todo o evento.

“Manifestaron a necesidade de imaxes reais no campo que acompañen a explicación, ou para poder visitar sen guía” (O1)

No caso das exposicións fotográficas, as persoas participantes mostráronse impactadas, interesadas e sen perder o fío en ningún momento, dando os seus parabéns ao autor ou autora polas imaxes e as súas reflexións que lles fixeron abrir a mente.

“Cuando habla de las zonas de frío extremo, en donde las familias pierden su ganado y sus recursos y se ven obligados a migrar, la gente expresa sentimientos de empatía con esas personas y asienten con la cabeza” (O2)

“Comentario: Una imagen vale más que mil palabras y, además, con lo que nos has contado es maravilloso” (O15)

Con respecto ás conferencias tamén houbo opinións moi positivas e suxestións para melloralas como as que recolleamos a continuación:

“Contexto histórico. Algún poñente que contextualice. Paco, o profesor de Historia da USC”. (C53)

“Muy largas las interacciones, pondría límite de tiempo cuando haya políticos que les gusta mucho hablar”. (C91)

“[En referencia a una foto, una historia] Me parece una actividad interesante y creativa sería estupenda para un programa de TV con mucha audiencia”. (C369)

En xeral, cada actividade tiña a súa pequena suxestión, e todas elas se poden encontrar no anexo XI, máis algo moi demandado de maneira xeral foi un maior número de actividades relacionadas coa diversidade cultural.

“Más talleres de idiomas de árabe sobre todo y, tocar temas como las culturas de las personas de los diferentes países”. (C43)

“Mas talleres de danza y de culturas” (C190)

d. Suxestión temática

Un 7'38% das respostas recollidas nas observacións son posibles temáticas para futuros Acampa, o que pode ser unha fonte de inspiración para futuras edicións. Algunhas destas propostas son:

“Temas para futuros Acampa: A migración como parte fundamental da historia e do presente de Galicia. A perspectiva de xénero na migración”. (C231)

“Tema: A memoria da emigración na historia da Coruña e Galicia”. (C373)

“Temas para Acampa: la migración laboral, precariedad laboral de los emigrantes”. (C115)

“O tema da muller”. (C393)

“Falar sobre feminismo”. (C285)

“A muller noutras culturas”. (C265)

Como podemos ver, algunhas delas xa coinciden coa temática de Acampa 2019, que centrará o seu eixo sobre a muller refuxiada.

e. Suxestión cuestionario

Po último, outra das suxestións que se recolleu nas observacións son sobre o propio cuestionario, algunhas persoas manifestan que o cuestionario é repetitivo, longo e incómodo pola cantidade de preguntas abertas, propondo que as preguntas sexan de carácter pechado e sistemático. Algúns destes comentarios e propostas son:

“É unha enquisa un pouco farragosa”. (C417)

“Enquisas que non se corresponde coas actividades. Sería máis útil de maneira sistemática (si ou non , respostas de marcar...)”. (C422)

“Enquisas "incómodas", mellor verdadeiro ou falso opcións, etc...”. (C435)

Este comentarios tamén se reflectiron nas observacións:

“La gente se cansa de hacer tantas encuestas. “Una vez mas”. Eso significa que van a casi todas las actividades”. (O26)

Para comprobar estas impresións, realizouse a agrupación de todas as preguntas dos cuestionarios para comprobar cales son as menos respostadas, e, tal como se pode observar na seguinte táboa, se deixamos de lado a primeira que encabeza a listaxe porque é unha pregunta dirixida só a persoas que tamén acudiron o ano pasado, e deixamos de lado as observacións que soen ser de carácter máis voluntario, as preguntas menos respostadas son as de carácter aberto, e, sobre todo, a segunda das

preguntas de comparación. Polo que sería importante ter en conta esta información para futuras avaliacións.

Táboa 7.- Clasificación das preguntas menos respostadas do cuestionario por número e porcentaxe.

PREGUNTA	N.º de preguntas non respondidas	% sobre o número total de cuestionarios
Se viñeches o ano pasado. Tiveches algún contacto con entidades relacionadas, fuches a algún evento, implicácheste nalgunha entidade social ou movemento social durante este último ano?	283	65,97 %
Observacións	274	63,87 %
Pregunta específica despois de realizar a actividade	172	40,09%
Despois desta actividade, apeteceríache facer algo con respecto a este tema?	155	36,13 %
Pregunta específica antes de realizar a actividade	75	17,48%
A partir desta actividade, gustaríache seguir indagando sobre este tema?	64	14,92 %
Participaches noutras actividades deste evento Acampa 2018?	29	6,76 %
Valora o impacto que tivo esta actividade na transformación do teu concepto ao redor das persoas refuxiadas	27	6,29 %
Xénero	21	4,90 %
Idade	9	2,10 %
Como coñeciches Acampa?	7	1,63 %


Fonte: Elaboración propia.

ii. Análise das actividades infantís.

Como se fixo referencia na estratexia metodolóxica, as actividades infantís tiveron unha avaliación en parte diferente xa que, ademais das observacións que se fixeron igual que o resto de actividades, empregouse en lugar do cuestionario unha “Diana de avaliación infantil” onde as crianzas puideron puntuar do 1 ao 9 se a actividade lle gustou, como se sentiu mentres a realizada, se a actividade ten relación coa súa vida diaria, ou se a educadora se explicou ben.

O resultado medio de todas as actividades infantís é moi alto, aínda que a resposta a cuestión “O obradoiro ten relación coa miña vida diaria?” é a menos puntuada con un 5,74 de media, dato chamativo porque ademais é a pregunta que máis relacionada está coa sensibilización, pois o que se pretende nestas actividades infantís e relacionar a súa cotidianidade co eido do refuxio, as migracións e os dereitos humanos.


Gráfico 31.- Media das puntuacións obtidas na diana de avaliación infantil



Fonte: Elaboración propia a partir das dianas de avaliación infantil.

Para coñecer exactamente que é o que está a suceder nesa cuestión, decidiuse desagregar este resultado xeral por actividade e, como podemos observa na seguinte gráfica, vemos que existen bastantes diferenzas:

Gráfico 32.- Media das puntuacións obtidas na diana de avaliación infantil por actividade



Fonte: Elaboración propia a partir das dianas de avaliación infantil.

No caso das preguntas “gustoume o obradoiro?” e “como me sentín durante o obradoiro” observamos que todas as actividades conseguiron o obxectivo de que as crianzas se sentiran contentas e a gusto. As diferenzas comezan a mostrarse na pregunta “o obradoiro ten relación coa miña vida diaria?”, onde vemos que a

actividade Mar de Fábula ten unha moi boa puntuación, que se corrobora tamén nas observacións:

“O monitor explícalle ao pai dos nenos o perigo do porexpan. A monitora failles preguntas sobre como chegaron eses obxectos á praia. Unha nena pregunta canto tempo tarda en degradarse isto? –collendo un cacho de plástico grande na man-“.
(O28)

A actividade “Refuxio” tamén ten unha moi boa puntuación neste ítem:

“Danlle importancia a reflexión sobre porque uns teñen máis auga que outros, porque non chove polo cambio climático, falan dos papeis e a ilegalidade, permiten participar aos pais” (O32)

A actividade “Xogo da Oca” ten un pouquiño menos de puntuación, e nas observacións tamén se matiza que algunhas das crianzas non están chegando a entender o transfondo da actividade:

“Fan reflexionar aos rapaces sobre que pasaría se non temos o dereito en cuestión para que entendan a súa importancia” (O23)

“Las/os niñas/os no entienden las preguntas que les hacen. Conceptos y términos poco apropiados para la edad” (O34)

E por último, atópamos co “Rocódromo” onde tanto nesta cuestión como na pregunta “Explicouse ben a educadora?”, ten puntuacións moi baixiñas, e as observacións revélanos que isto sucedeu porque en ningún momento se compliu o obxectivo sensibilizado da actividade:

“A interacción da monitora é escasa, só para explicar onde deben poñer os pés e as mans no rocódromo. A monitora está constantemente co móbil. En ningún momento se sensibiliza sobre as fronteiras como se tiña previsto, só é unha actividade para pasar o rato” (O31)

IV. Conclusións

Tras o resultados obtidos no apartado anterior é importante reflexionar sobre a realidade dos mesmos e como xurdiron estes feitos. Como vimos, foron observadas 1013 persoas en 35 actividades e recollidos 454 cuestionarios en 31 actividades, pero esta asistencia foi de xeito moi desigual aumentando a media que se achegaba a fin de semana, isto supuxo unha asistencia moi superior o sábado en relación ao xoves, o que nos pode levar a pensar que se queremos que haxa unha maior asistencia a este evento para sensibilizar a un número maior de persoas, sería recomendable mudar as datas á fin de semana.

En relación a asistencia cumprimos o noso obxectivo de elaborar un perfil de persoas participantes, pois puidemos comprobar que é lixeiramente feminizado –o que pode vir relacionado coa socialización de xénero e o interese cara o ámbito social derivado dos estereotipos de xénero (Candela Agulló, 2007)–. Con respecto á idade, vemos que é maioritariamente de idades comprendidas entre os 36 e 64 anos, aínda que a porcentaxe de persoas de 24 a 36 anos era case o mesmo nas actividades interactivas, o que indica que este tipo de actividades con metodoloxías participativas son máis atractivas cara o público novo, feito que nos pode orientar para próximas edicións no caso de determinar un público prioritario.

Tamén identificamos no perfil que unha porcentaxe moi alta das persoas asistentes eran persoas que pertencían as propias organizacións (sexo como voluntaria, socia...), o que nos revelou que Acampa tivo un compoñente en certa forma illado e endogámico, pois as organizacións fixeron un gran esforzo que derivou maioritariamente en persoas das propias organizacións. Aínda así, outras moitas persoas sen vinculación directa coas organizacións acercáronse por ter escoitado falar de Acampa a outras persoas ou a través das redes sociais ou medios de comunicación, mais realmente a capacidade de captación que tivo Acampa *in situ* nos días do evento e no seu emplazamento foi dun 7,09% das persoas que respostaron o cuestionario, dato certamente insatisfactorio.

Mais este número é lóxico se analizamos as observacións feitas, pois só nun 11,43% das actividades se fixo unha captación de calidade, noutro 11,43% fíxose unha captación moi lixeira e no 77,14% non se fixo ningún tipo de captación, ata o extremo nalgunhas actividades de non invitar a participar a persoas que se pararon e se acercaron pola súa propia vontade. Chama a atención que a reconstrución do campo de persoas refuxiadas só captase a 1% das persoas que pasaban por alí sendo unha

construción tan visible, mais a falta de paneis informativos desorientaba ás persoas que quedaban confusas sen saber o que era e se podían entrar a velo ou non. Neste sentido, consideramos que os valos metálicos en moitas ocasións facían que as persoas non se acercasen por temor a que se estivese en obras ou por mera obstaculización, o que nos debe levar a reflexionar tamén sobre se o propio deseño é plenamente funcional para a captación, xa que a información e a captación son fundamentais para calquera evento de sensibilización, e nesta última houbo un gran baleiro durante todo o evento.

En relación á información, os cambios de lugar das actividades con avisos de última hora desorientaban ás persoas e incluso ás propias organizacións que ían a levar a cabo a actividade nese momento. Intentar reducir este feito ao máximo posible é primordial, e neste sentido non pasou en excesivas actividades (nun 17,14%).

O que si aconteceu en exceso foi o constante atraso das actividades (o 51,42% das actividades analizadas comezaron tarde), o que trouxo consigo que algunhas persoas non puidesen asistir as mesmas, ou que as propias actividades remataran de forma precipitada sen reflexión para non seguir acumulando máis atrasos no programa. Entendemos que, en moitas ocasións, é inevitable sufrir certos atrasos, mais a realidade é que se terían evitado outros moitos se existise unha mellor coordinación interna e se deixasen máis marxe entre actividade e actividade, quizais –como propoñían nalgúns cuestionarios- con fío musical no medio pois, a pesar de que as actividades de ocio non foron tidas en conta para analizar pola falta de obxectivo sensibilizador, a realidade é que a asistencia aos concertos nocturnos foi practicamente nula.

Con respecto á sensibilización, tendo en conta os resultados obtidos nas preguntas diferenciadas por temáticas, puidemos ver como un 52% manifestou ampliar ou cambiar de xeito positivo as súas concepcións ou coñecementos en relación a este eido, fronte a un 48% que non. Isto non indica que as actividades non fosen boas, o que nos indica é que as persoas asistentes xa tiñan uns certos coñecementos sobre este eido, pois canto máis específica é a pregunta, máis aumenta a porcentaxe de persoas que manifestan un cambio: o porcentaxe de persoas que manifestaron unha ampliación ou cambio sobre as persoas refuxiadas por cambio foi dun 35%; o porcentaxe de persoas que manifestaron un cambio na súa concepción das políticas en relación ao refuxio por cambio climático foi dun 58%. Neste sentido tamén hai que resaltar que estas preguntas comparativas foron as menos respostadas e algunhas das persoas participantes propuxeron cambialas por preguntas de corte cerrado que

lles permitisen contestar o cuestionario de xeito máis cómodo, feito a ter en conta para futuras avaliacións.

Seguindo coa sensibilización, observamos que a media do impacto sensibilizador cara as persoas refuxiadas é dun 6,76 sobre 9, o que supón un impacto medio bastante importante e que corrobora que a sensibilización das actividades é boa. Mais neste senso, gustaríanos destacar un dato certamente relevante mais que non se fixo referencia na análise por falta de conexión directa, e é que en ningunha das actividades levadas a cabo durante todo o evento se lles deu cabida as persoas refuxiadas a pesar de que na cidade da Coruña non son poucas as que se atopan nesta situación. Non tiveron voz nas conferencias, nin nas visitas guiadas, nin en ningunha outra actividade, ata o punto de que nalgúns dos cuestionarios se recollen respostas que manifestan que na Coruña non hai persoas refuxiadas, feito sobre o que quizais habería que reflexionar e ter en conta para futuras edicións.

Po último, con respecto a predisposición ao cambio de actitudes vemos que máis da metade das persoas que respostaron a manifestan, mais o que sería interesante sería analizar se a partir do evento esta predisposición se traduce, por exemplo, nun maior número de persoas que se acercan as entidades para colaborar con elas, ou se hai unha maior afluencia en manifestacións ou eventos deste tipo.

Por outra banda, e xa analizando a avaliación en si mesma, o grao de satisfacción é alto en relación a consecución dos obxectivos, pois puidemos elaborar o perfil das persoas participantes, determinar se as actividades de sensibilización conseguiron ampliar a información que as persoas participantes xa tiñas con respecto ao tema, determinar se as persoas participantes teñen unha predisposición cara o cambio de actitudes, medir o impacto na transformación do seu concepto de persoa refuxiada, e, en xeral, valorar o impacto sensibilizador do evento Acampa 2018.

Mais existiron diferentes limitacións que tamén deben ser contempladas para seguir mellorando, unha delas foi o deseño do propio cuestionario, pois as preguntas encargadas de comparar o antes e despois foron as menos contestadas, o que nos indica que se debe repensar esta estratexia para posteriores avaliacións. Ademais, coordinar toda a estratexia metodolóxica cos contratempos da organización foi unha tarefa moi difícil dada a amplitude do evento, o que derivou en que houbera que escoller as actividades a avaliar por non dispoñer de todos os recursos que nos gustaría, a pesar de ser moitas as persoas que apoiaron esta avaliación tanto formando parte da equipa de observación como recollendo cuestionarios. Non

obstante, consideramos que os esforzos foron exitosos e os datos recollidos resultaron abundantes e moi útiles para realizar a avaliación do evento Acampa 2018.

Con respecto as liñas futuras, unha delas xa foi sinalada que é facer o seguimento de si a predisposición cara o cambio de actitudes e/ou comportamentos por parte das persoas participantes se traduce a un aumento na incidencia do voluntariado nas entidades coruñesas ou nos movementos sociais; outra moi clara sería avaliar o evento Acampa 2019, pero esta vez unha avaliación en profundidade que abarcase tamén a organización e o traballo en rede de Acampa tanto antes, como durante como despois do evento; e, por último, outras das liñas que consideramos fundamentais é a avaliación da Rede Acampa na consecución dos seus obxectivos.

Como peche, recordar que tal e como nos indica Maite Serrano (2002) é fundamental repensar as accións de sensibilización para que se adapten correctamente ao fin último que queremos acadar definindo un tempo, unha estratexia, unhas actividades, uns espazos e un público axeitados. Esperamos que esta avaliación sirva para que esa reflexión mellore Acampa e impulse esta iniciativa para que cada ano teña maior impacto e chegue a máis xente.

V. Referencias bibliográficas

- Abalde Paz, Eduardo e Muñoz Cantero, Jesús Miguel (1992). Metodología cuantitativa vs. cualitativa. En Eduardo Abalde Paz e Jesús Miguel Muñoz Cantero (Ed.) *Metodología educativa I*. A Coruña: Universidade da Coruña.
- Abad, Xosé (2018). *Cómplices y víctimas en tiempo de descuento*. Recuperado de <https://www.acampa.eu/wp-content/uploads/Complices-y-victimas-en-tiempo-de-descuento.pdf>
- Acampa (2017). *Dossier Xeral Acampa pola paz e o dereito ao refuxio*. Recuperado de https://www.acampa.eu/wp-content/uploads/Dossier_Acampa.zip
- Acampa (2018). *Manifiesto: No tienen rostro ni conciencia*. Recuperado de <https://www.acampa.eu/wp-content/uploads/Manifiesto-No-tienen-rostro-ni-conciencia.pdf>
- Acampa (6 de xuño de 2018). *Acampa 2018 dirixe o foco cara ás crises humanitarias provocadas polo cambio climático*. Recuperado de <https://www.acampa.eu/wp-content/uploads/Acampa-18-Nota-XeralGAL.pdf>
- Anónimo (19 de xuño 2018). Acampa 2019 se centrará na problemática das mulleres refuxiadas. *EntreNós*. Recuperado de <http://www.entrenosdigital.com/articulo/migraciones/acampa-2019-se-centrara/20180619184623005836.html>
- Borràs Pentinat, Susana (2006). Refugiados ambientales: el nuevo desafío del derecho internacional del medio ambiente. *Revista de Derecho*, 2 (19), pp. 85-108
- Candela Agulló, Carlos (2013). *Motivaciones y expectativas profesionales. Análisis desde la perspectiva de género*. Valencia: Universitat de València.
- Grasso, Livio (2006). *Encuestas: Elementos para su diseño y análisis*. Córdoba, Argentina: Encuentro Grupo Editor.
- Celorio Díaz, Juan José (1995). La Educación para el Desarrollo. *Cuadernos Bakeaz*, n.º 9. Bilbao, Bakeaz.
- Coordinadora de ONG para el Desarrollo - España (2008). *Código de Conducta de las ONG de Desarrollo*. Madrid

Coordinadora Galega de ONGs para o Desenvolvemento (2001). *Código de Conducta das ONGs para o Desenvolvemento*. Santiago de Compostela

Francés García, Francisco José; Alaminos Chica, Antonio; Penalva Verdú, Clemente e Santacreu Fernández Óscar Antonio (2015). *La investigación participativa: métodos y técnicas*. Ecuador: Pydlos Ediciones.

Korten, David (1990). *Getting to the 21st Century: Voluntary Action and Global Agenda*. West Harford: Kumarian Press.

Martínez Scott, Suyapa; Barba Martín, José Juan; Monjas Aguado, Roberto e Luis Torrego Egido (2012). Estado de la cuestión de la Educación para el Desarrollo. En Luis Javier Miguel González (Dir.) *Educación para el Desarrollo en Castilla y León: como vemos el mundo*. Valladolid: Observatorio de Cooperación Internacional para el Desarrollo de la Universidad de Valladolid.

Mesa Peinado, Manuela (2000). *La educación para el desarrollo en la Comunidad de Madrid: tendencias y estrategias para el siglo XXI*. Informe a la Dirección General de Cooperación y Voluntariado de la Comunidad de Madrid: Mimeo.

Mesa Peinado, Manuela (2011). Reflexiones sobre el modelo de las Cinco Generaciones de Educación para el Desarrollo. *Revista Internacional de Investigación en Educación Global y para el Desarrollo*, N°0, pp.161-167

Mesa Peinado, Manuela (2014). La educación para la ciudadanía global en el contexto actual. En José Luis Pastoriza Rozas (Ed.) *Educar para a cidadanía global. Experiências, ferramentas e discursos para a mudança social*. Vigo: Fundación Isla Couto.

Ortega Carpio, M^a Luz (2007). *Estrategia de Educación para el Desarrollo de la Cooperación Española*. Madrid: Ministerio de Asuntos Exteriores y de Cooperación. Secretaria de Estado de Cooperación Internacional Dirección General de Planificación y Evaluación de Políticas para el Desarrollo.

Perea Arias, Óscar D. (coord.) (2003). *Plan Estratégico del Tercer Sector de acción social. Guía de Evaluación de Programas y Proyectos Sociales*. Madrid: Plataforma de ONG de Acción Social. Recuperado de: <https://www.mscbs.gob.es/ssi/familiasInfancia/ongVoluntariado/docs/evaluaciondeprogramasyproyectossociales.pdf>

Quecedo Lecanda, Rocío e Castaño Garrido, Carlos (2003). Introducción a la metodología de investigación cualitativa. *Revista de Psicodidáctica*, Nº14, pp. 5-40

Rodríguez Gómez, Gregorio; Gil Flores Javier; e García Jiménez, Eduardo (1996). *Metodología de la investigación cualitativa*. Málaga: Ediciones Aljibe, S.L.

Sanahuja Perales, José Antonio (2016). La Unión Europea y la crisis de los refugiados: fallas de gobernanza, securitización y “diplomacia de chequera” en Manuela Mesa Peinado (Ed). *Retos inaplazables en el sistema internacional. Anuario 2015-2016*. Fundación Cultura de Paz. Recuperado de: <https://dialnet.unirioja.es/descarga/articulo/5503287.pdf>

Serrano Oñate, Maite (2002). La gestión de las campañas de sensibilización. En Luis Aracibia Tapia (coord.) *La Sensibilización y Educación para la Solidaridad*. Madrid: Editorial Centro de Estudios Ramón Areces, S.A e Fundación Luis Vives.

Serrano Jiménez, Pascual (2009). *Desinformación: como los medios ocultan el mundo*. Madrid: Editorial Península.

UNESCO (1974). *Actas de la Conferencia General 18ª Reunión, vol.1, Resoluciones, París*. Recuperado de <http://unesdoc.unesco.org/images/0011/001140/114040s.pdf>

Villaverde Ferreño, Paula (2017). El papel de las regiones en la acogida de refugiados. Comparativa entre España y Alemania. En M^a Nieves Lagares Diez (Presidencia), *XIII Congreso de AECPA*. Congreso llevado a cabo en Universidade de Santiago de Compostela, España. Recuperado de: <http://www.aecpa.es/congresos/XIII-congreso/paper.php?paper=2050>